

# ***PLENO DO PARLAMENTO***

***23 de maio de 2017***  
***10.00 horas***

## ÍNDICE

	<u>Páx.</u>
<b>Convocatoria do Pleno</b> .....	<u>1</u>
<b>Relación de membros da Cámara</b> .....	<u>7</u>
<b>Listado para votación</b> .....	<u>9</u>
<b>Punto 1. Texto legislativo</b> .....	<u>12</u>
1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo (doc. núm. 50812, 09/PPLI- 000014).....	<u>13</u>
<i>Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, BOPG n.º 671, do 06.07.2016 ...</i>	
<i>Publicación BOPG n.º 93, do 30.03.2017</i> .....	<u>15</u>
1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. de En Marea, de reforma do Regulamento (doc. núm. 6438, 10/PPLR-000001). <i>Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017</i> .....	<u>22</u>
<b>Punto 2. Comparecencia</b> .....	<u>27</u>
9119 (10/PPP-000021) Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar do novo modelo de atención en Atención Primaria.....	<u>28</u>
<b>Punto 3. Moción</b> .....	<u>30</u>
9055 (10/MOC-000031) Grupo Parlamentario de En Marea Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación cos datos referidos á pobreza infantil. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 2459, publicada no BOPG n.º 36, do 28.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 09.05.2017).....	<u>31</u>
<b>Punto 4. Proposicións non de lei</b> .....	<u>37</u>
4.1 1245 (10/PNP-000111) Grupo Parlamentario Popular de Galicia	

- Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis  
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da mellora e clarificación da regulación da publicidade sanitaria, no relativo a centros, establecementos, bens e servizos para evitar anuncios enganosos.  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016.....* [38](#)
- 4.2 5577 (10/PNP-000473)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis l  
Sobre o mantemento e promoción pola Xunta de Galicia das axudas na Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago, como mínimo, ata o ano 2020.  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017.....* [41](#)
- 4.3 8075 (10/PNP-000746)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Casal Vidal, Francisco  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prácticas comerciais que están a levar a cabo as compañías distribuidoras de electricidade para contratar ou trasladar os seus clientes ao mercado libre da enerxía eléctrica.  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017.....* [44](#)
- 4.4 8157 (10/PNP-000754)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón  
Sobre o traslado pola de Xunta de Galicia ao Congreso dos Deputados da solicitude de constitución dunha comisión parlamentaria de investigación sobre as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois-Santiago o 24 de xullo de 2013, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade.  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017.....* [50](#)
- 4.5 8481 (10/PNP-000796)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto e as perdas económicas ocasionadas polas xeadas acacidas a finais do mes de abril de 2017 ao sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe nas provincias de Lugo e Ourense.  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017.....* [55](#)
- 4.6 8545 (10/PNP-000800)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola xeadada no viñedo, na noite do 26 ao 27 de abril de 2017, nas provincias de Lugo e Ourense, principalmente nas zonas das denominacións de orixe do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017* ..... [58](#)

4.7 8571 (10/PNP-000803)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa situación política e social que se está a vivir en Venezuela, e, nomeadamente, a das persoas galegas emigrantes nese país.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017* ..... [62](#)

4.8 8618 (10/PNP-000808)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento previsto no Programa de Estabilidade de España 2017-2020 para o rescate de diversas autoestradas.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017* ..... [68](#)

**Punto 5. Interpelacións** ..... [73](#)

5.1 7030 (10/INT-000292)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Sobre a política de urxencias médicas e emerxencias.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017* ..... [74](#)

5.2 8005 (10/INT-000335)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción

Sobre as instrucións ditadas para a realización, no curso 2016-2017, das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017* ..... [77](#)

5.3 8666 (10/INT-000369)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 13 máis

Sobre a elaboración do novo Mapa de transportes de Galicia.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017* ..... [81](#)

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta .....88**

6.1 9120 (10/POPX-000034)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a venda por  
Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas .....89

6.2 9167 (10/POPX-000035)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María  
Sobre as consecuencias para Galicia das decisións do Goberno central en  
materia de infraestruturas .....91

6.3 9168 (10/POPX-000036)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis  
Sobre os intereses defendidos polo Goberno galego nas decisións referidas  
aos temas transcendentales para Galicia.....93

**Punto 7. Preguntas ao Goberno.....95**

7.1 6091 (10/POP-000797)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Prado del Río, Paula e 7 máis  
Sobre as actuacións concretas que está a levar a cabo a Unidade de Policía  
Adscrita no ámbito da protección ás mulleres vítimas de violencia de xénero.  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017.....96*

7.2 9131 (10/PUP-000082)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis  
Sobre a posición do Goberno galego respecto do requirimento da Comisión  
Nacional dos Mercados e a Competencia en relación co Decreto 12/2017, polo  
que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e  
vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia .....99

7.3 7087 (10/POP-000917)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis  
Sobre os novos programas postos en marcha ou previstos polo Goberno galego  
en materia de vivenda.  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017.....102*

- 7.4 7931 (10/POP-001027)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis  
Sobre a estratexia da Xunta de Galicia en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as súas centrais hidroeléctricas nos ríos Xallas e Grande.  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 106, do 27.04.2017* ..... [105](#)
- 7.5 3293 (10/POP-000391)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre o asentamento de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra.  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017* ..... [108](#)
- 7.6 9170 (10/PUP-000084)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e 13 máis  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do prazo e da información facilitada aos centros para a realización e preparación no curso escolar 2016-2017 das probas das reválidas en educación primaria previstas na LOMCE ..... [113](#)
- 7.7 7591 (10/POP-000982)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula  
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o desdoblamento e traslado da Atención Primaria do Centro de Saúde da Milagrosa ás instalacións do antigo Hospital Xeral, no barrio da Residencia de Lugo.  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017* ..... [117](#)
- 7.8 9130 (10/PUP-000081)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlle resposta ás demandas dos doentes que padecen Atrofia Muscular Espiñal, en especial, no referido á administración do novo fármaco denominado Nusinersen/Spinraza..... [121](#)
- 7.9 4677 (10/POP-000583)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis  
Sobre as razóns da demora do pagamento dos seus servizos ao persoal que desenvolveu o labor docente establecido no Plan de formación continuada no

agro galego 2016.

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 67, do 16.02.2017*..... [125](#)

7.10 9140 (10/PUP-000083)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre a avaliación da Consellería do Medio Rural respecto dos efectos das xeadas da última semana de abril de 2017 no sector vitivinícola galego, así como as medidas que se están a adoptar para paliar os danos causados aos viticultores ..... [128](#)

16 MAI. 2017

Núm. 2685

A Presidencia, de conformidade co disposto no artigo 53 do Regulamento do Parlamento, resolveu convocar o Pleno do Parlamento para realizar sesión o próximo día 23 de maio de 2017, ás 10:00 horas, no pazo do Parlamento.

De acordo coa Xunta de Portavoces e a Mesa, na reunión do día 16 de maio de 2017, a orde do día da sesión é a seguinte:

**Punto 1. Textos legislativos**

- 1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa legislativa popular, para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo (doc. núm. 50812, 09/PPLI-000014)

*Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, BOPG n.º 671, do 06.07.2016*

*Publicación BOPG n.º 93, do 30.03.2017*

- 1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. de En Marea, de reforma do Regulamento (doc. núm. 6438, 10/PPLR-000001)  
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 83, do 15.03.2017

**Punto 2. Comparecencia**

9119 (10/PPP-000021)

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para informar do novo modelo de atención en Atención Primaria

**Punto 3. Moción**

9055 (10/MOC-000031)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación cos datos referidos á pobreza infantil. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 2459, publicada no BOPG n.º 36, do 28.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 09.05.2017)

**Punto 4. Proposicións non de lei**

- 4.1 1245 (10/PPP-000111)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia



16 MAI. 2017

Núm. 2685

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da mellora e clarificación da regulación da publicidade sanitaria, no relativo a centros, establecementos, bens e servizos para evitar anuncios enganosos  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 18, do 23.11.2016*

- 4.2 5577 (10/PNP-000473)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis  
Sobre o mantemento e promoción pola Xunta de Galicia das axudas na Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago, como mínimo, ata o ano 2020  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 75, do 01.03.2017*
- 4.3 8075 (10/PNP-000746)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Casal Vidal, Francisco  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prácticas comerciais que están a levar a cabo as compañías distribuidoras de electricidade para contratar ou trasladar os seus clientes ao mercado libre da enerxía eléctrica  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017*
- 4.4 8157 (10/PNP-000754)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón  
Sobre o traslado pola de Xunta de Galicia ao Congreso dos Deputados da solicitude de constitución dunha comisión parlamentaria de investigación sobre as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois-Santiago o 24 de xullo de 2013, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 109, do 03.05.2017*
- 4.5 8481 (10/PNP-000796)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto e as perdas económicas ocasionadas polas xeadas acaecidas a finais do mes de abril de 2017 ao sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe nas provincias de Lugo e Ourense  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017*
- 4.6 8545 (10/PNP-000800)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Rivas Cruz, José Luis e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

16 MAI. 2017

Núm. ....2685.....

cos danos ocasionados pola xeadada no viñedo, na noite do 26 ao 27 de abril de 2017, nas provincias de Lugo e Ourense, principalmente nas zonas das denominacións de orixe do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017*

- 4.7 8571 (10/PNP-000803)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis  
Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa situación política e social que se está a vivir en Venezuela, e, nomeadamente, a das persoas galegas emigrantes nese país

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017*

- 4.8 8618 (10/PNP-000808)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis  
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento previsto no Programa de Estabilidade de España 2017-2020 para o rescate de diversas autoestradas

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017*

## **Punto 5. Interpelacións**

- 5.1 7030 (10/INT-000292)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Solla Fernández, Eva  
Sobre a política de urxencias médicas e emerxencias

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 92, do 29.03.2017*

- 5.2 8005 (10/INT-000335)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la Concepción  
Sobre as instrucións ditadas para a realización, no curso 2016-2017, das probas de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 105, do 26.04.2017*

- 5.3 8666 (10/INT-000369)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Sánchez García, Antón e 13 máis  
Sobre a elaboración do novo Mapa de transportes de Galicia

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 112, do 10.05.2017*

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta**

- 6.1 9120 (10/POPX-000034)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Pontón Mondelo, Ana Belén  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a venda por Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas
- 6.2 9167 (10/POPX-000035)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Fernández Leiceaga, Xoaquín María  
Sobre as consecuencias para Galicia das decisións do Goberno central en materia de infraestruturas
- 6.3 9168 (10/POPX-000036)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis  
Sobre os intereses defendidos polo Goberno galego nas decisións referidas aos temas transcendentales para Galicia

**Punto 7. Preguntas ao Goberno**

- 7.1 6091 (10/POP-000797)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Prado del Río, Paula e 7 máis  
Sobre as actuacións concretas que está a levar a cabo a Unidade de Policía Adscrita no ámbito da protección ás mulleres vítimas de violencia de xénero  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 84, do 16.03.2017*
- 7.2 9131 (10/PUP-000082)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Pérez Seco, José Manuel e 2 máis  
Sobre a posición do Goberno galego respecto do requirimento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia en relación co Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia
- 7.3 7087 (10/POP-000917)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis  
Sobre os novos programas postos en marcha ou previstos polo Goberno

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

16 MAI. 2017

Núm. ....2685.....

galego en materia de vivenda

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 97, do 06.04.2017*

- 7.4 7931 (10/POP-001027)  
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia  
Toja Suárez, María Dolores e 2 máis  
Sobre a estratexia da Xunta de Galicia en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as súas centrais hidroeléctricas nos ríos Xallas e Grande  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 106, do 27.04.2017*
- 7.5 3293 (10/POP-000391)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis  
Sobre o asentamento de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 53, do 26.01.2017*
- 7.6 9170 (10/PUP-000084)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e 13 máis  
Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do prazo e da información facilitada aos centros para a realización e preparación no curso escolar 2016-2017 das probas das reválidas en educación primaria previstas na LOMCE
- 7.7 7591 (10/POP-000982)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula  
Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o desdoblamento e traslado da Atención Primaria do Centro de Saúde da Milagrosa ás instalacións do antigo Hospital Xeral, no barrio da Residencia de Lugo  
*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 101, do 20.04.2017*
- 7.8 9130 (10/PUP-000081)  
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego  
Prado Cores, María Montserrat  
Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlle resposta ás demandas dos doentes que padecen Atrofia Muscular Espiñal, en especial, no referido á administración do novo fármaco denominado Nusinersen/Spinraza
- 7.9 4677 (10/POP-000583)  
Grupo Parlamentario de En Marea  
Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis  
Sobre as razóns da demora do pagamento dos seus servizos ao persoal que

Sra. deputada/ Sr. deputado do Parlamento de Galicia

16 MAI. 2017

Núm. ....2685.....

desenvolveu o labor docente establecido no Plan de formación continuada no agro galego 2016

*Publicación da iniciativa, BOPG n.º 67, do 16.02.2017*

- 7.10 9140 (10/PUP-000083)  
Grupo Parlamentario Popular de Galicia  
González Vázquez, José e 6 máis  
Sobre a avaliación da Consellería do Medio Rural respecto dos efectos das xeadas da última semana de abril de 2017 no sector vitivinícola galego, así como as medidas que se están a adoptar para paliar os danos causados aos viticultores

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás mocións e ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria a devandita reunión.

Santiago de Compostela, 23 de maio de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira  
Presidente

**Asinado dixitalmente por:**

**Miguel Ángel Santalices Vieira, Presidente na data 23/05/2017 14:23:21**

# RELACIÓN DE MEMBROS DE PLENO DO PARLAMENTO

POR ORDE ALFABÉTICA

Luis Manuel Álvarez Martínez	S
María Encarnación Amigo Díaz	P
María Ángeles Antón Vilasánchez	P
Raquel Arias Rodríguez	P
Silvestre José Balseiros Guinarte	P
Xosé Luís Bará Torres	BNG
Magdalena Barahona Martín	EM
Moisés Blanco Paradelo	P
Noela Blanco Rodríguez	S
María de la Concepción Burgo López	S
Marcos Cal Ogando	EM
Diego Calvo Pouso	P
Francisco Casal Vidal	EM
Jaime Castiñeira Broz	P
Luca Chao Pérez	EM
Francisco José Conde López	P
María de los Ángeles Cuña Bóveda	EM
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Teresa Egerique Mosquera	P
Raúl Fernández Fernández	S
César Manuel Fernández Gil	P
Xoaquín María Fernández Leiceaga	S
Martín Fernández Prado	P
María Ángeles García Míguez	P
Carlos Gómez Salgado	P
José González Vázquez	P
José Manuel Lago Peñas	EM
Carlos Enrique López Crespo	P
Abel Fermín Losada Álvarez	S
Beatriz Mato Otero	P
Juan José Merlo Lorenzo	EM
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Guadalupe Murillo Solís	P
María Isabel Novo Fariña	P
Marta Nóvoa Iglesias	P
Aurelio Alfonso Núñez Centeno	P
Alberto Núñez Feijóo	P
José Alberto Pazos Couñago	P
José Manuel Pérez Seco	S
María Luisa Pierres López	S
Ana Belén Pontón Mondelo	BNG
María Montserrat Prado Cores	BNG
Paula Prado del Río	P
Noa Presas Bergantiños	BNG

Pedro Puy Fraga	P
Rosa María Quintana Carballo	P
Paula Quinteiro Araújo	EM
José Antonio Quiroga Díaz	S
José Manuel Rey Varela	P
José Luis Rivas Cruz	BNG
Olalla Rodil Fernández	BNG
Marta Rodríguez Arias	P
María Julia Rodríguez Barreira	P
David Rodríguez Estévez	EM
Moisés Rodríguez Pérez	P
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo	S
Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez	P
Cristina Isabel Romero Fernández	P
Alfonso Rueda Valenzuela	P
María Soraya Salorio Porral	P
Antón Sánchez García	EM
Miguel Ángel Santalices Vieira	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Eva Solla Fernández	EM
Miguel Ángel Tellado Filgueira	P
María Dolores Toja Suárez	S
Julio Torrado Quintela	S
Gonzalo Trenor López	P
Daniel Luís Varela Suanzes-Carpegna	P
Sandra Vázquez Domínguez	P
Paula Vázquez Verao	EM
Daniel Vega Pérez	P
Patricia Vilán Lorenzo	S
Luis Villares Naveira	EM

**Relación de deputadas e deputados do Parlamento de Galicia  
X Lexislatura**

(actualizada 06 de febreiro de 2017)

**Para votación por chamamento**

<b>APELIDOS E NOME</b>	<b>GP</b>	<b>SI</b>	<b>NON</b>	<b>ABST</b>
1. Álvarez Martínez, Luís Manuel	S			
2. Amigo Díaz, María Encarnación	P			
3. Antón Vilasánchez, María Ángeles	P			
4. Balseiros Guinarte, Silvestre José	P			
5. Bará Torres, Xosé Luís	BNG			
6. Barahona Martín, Magdalena	EM			
7. Blanco Paradelo, Moisés	P			
8. Blanco Rodríguez, Noela	S			
9. Cal Ogando, Marcos	EM			
10. Casal Vidal, Francisco	EM			
11. Castiñeira Broz, Jaime	P			
12. Chao Pérez, Luca	EM			
13. Cuña Bóveda, María de los Ángeles	EM			
14. Díaz Villoslada, Juan Manuel	S			
15. Egerique Mosquera, Teresa	P			
16. Fernández Fernández, Raúl	S			
17. Fernández Gil, César Manuel	P			
18. Fernández Leiceaga, Xoaquín María	S			
19. Fernández Prado, Martín	P			
20. García Míguez, María Angeles	P			
21. Gómez Salgado, Carlos	P			
22. González Vázquez, José	P			
23. Lago Peñas, José Manuel	EM			
24. López Crespo, Carlos Enrique	P			
25. Losada Álvarez, Abel Fermín	S			
26. Merlo Lorenzo, Juan José	EM			
27. Moreira Ferro, Jacobo	P			
28. Mouriño Villar, Antonio	P			
29. Murillo Solís, Maria Guadalupe	P			
30. Novo Fariña, María Isabel	P			



31. Nóvoa Iglesias, Marta	P			
32. Nuñez Centeno, Aurelio Alfonso	P			
33. Pazos Couñago, José Alberto	P			
34. Pérez Seco, José Manuel	S			
35. Pierres López, María Luisa	S			
36. Pontón Mondelo, Ana Belen	BNG			
37. Prado Cores, María Montserrat	BNG			
38. Prado del Río, Paula	P			
39. Presas Bergantiños, Noa Olalla	BNG			
40. Puy Fraga, Pedro	P			
41. Quintero Araújo, Paula	EM			
42. Quiroga Díaz, José Antonio	S			
43. Rivas Cruz, José Luis	BNG			
44. Rodil Fernández, Olalla	BNG			
45. Rodríguez Arias, Marta	P			
46. Rodríguez Barreira, María Julia	P			
47. Rodríguez Estévez, David	EM			
48. Rodríguez Pérez, Moisés	P			
49. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña	S			
50. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María	P			
51. Romero Fernández, Cristina Isabel	P			
52. Salorio Porral, María Soraya	P			
53. Sánchez García, Antón	EM			
54. Santos Queiruga, Carmen	EM			
55. Tellado Filgueira, Miguel Ángel	P			
56. Toja Suárez, María Dolores	S			
57. Torrado Quintela, Julio	S			
58. Trenor López, Gonzalo	P			
59. Varela Suanzes-Carpegna, Daniel Luís	P			
60. Vázquez Domínguez, Sandra	P			
61. Vázquez Verao, Paula	EM			
62. Vega Pérez, Daniel	P			
63. Vilán Lorenzo, Patricia	S			
64. Villares Naveira, Luís	EM			

**DEPUTADAS E DEPUTADOS MEMBROS DA XUNTA DE GALICIA**

65. Quintana Carballo, Rosa María	P			
66. Rey Varela, José Manuel	P			
67. Conde López, Francisco José	P			
68. Mato Otero, Beatriz	P			
69. Rueda Valenzuela, Alfonso	P			
70. Núñez Feijoo, Alberto	P			

**DEPUTADAS E DEPUTADOS DA MESA DO PARLAMENTO**

71. Burgo López, María de la Concepción	S			
72. Arias Rodríguez, Raquel	P			
73. Solla Fernández, Eva	EM			
74. Calvo Pouso, Diego	P			
75. Santalices Vieira, Miguel Ángel	P			

Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 23.05.2017                      Hora: 10:00  
Orde do día

1.        Textos lexislativos

**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.05.2017**

**Hora: 10:00**

**Orde do día**

- 1.1 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, de iniciativa lexislativa popular, para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo (doc. núm. 50812, 09/PPLI-000014)

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

1.1      50812 (09/PPLI-000014)

Comisión Promotora

Proposición de lei de iniciativa lexislativa popular para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo

*Publicación da admisión a trámite e constitución da Comisión Promotora, 671, 06.07.2016*

*Publicación do acordo, 93, 30.03.2017*

## 1. Procedementos parlamentarios

### 1.1. Procedementos de natureza normativa

#### 1.1.2. Propostas de normas

##### 1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

##### 1.1.2.1.5. Proposicións de lei de iniciativa popular

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 28 de marzo de 2017, adoptou os seguintes acordos:

#### **Cofecemento das sinaturas e admisión a trámite**

- 50812 (09/PPLI-000014)

Comisión Promotora

Proposición de lei de iniciativa legislativa popular para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo

A Mesa acorda:

1º. Admitir a trámite a Proposición de lei de iniciativa legislativa popular para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital Montecelo e dispoñer o seu traslado á Xunta de Galicia para que manifieste o seu criterio e a súa conformidade respecto da súa tramitación nos termos previstos no artigo 123.2 e 124 do Regulamento.

2º. Solicitar da Xunta de Galicia que emita o informe previsto no artigo 7 da Lei 7/2004, do 16 de xullo, de igualdade de mulleres e homes.

3º. Notificar este acordo á Comisión Promotora e á Xunta Electoral de Galicia

4º. Publicar este acordo e o texto da proposición de lei no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*

Santiago de Compostela, 29 de marzo de 2017

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente

Á MESA DO PARLAMENTO DE GALIZA



- I. Consonte ao artigo 4 da Lei 7/2015, do 7 de agosto, de iniciativa legislativa popular e participación cidadá no Parlamento de Galiza (LILP), formulan, en calidade de Comisión Promotora, escrito de promoción da iniciativa legislativa popular para a creación do hospital público e único de Pontevedra mediante a ampliación do Hospital de Montecelo.
- II. En cumprimento do disposto nos artigos 1 e 5 LILP, declaran baixo promesa seren maiores de idade, gozaren da condición política de galegos ou galegas, estaren inscritas no censo electoral e non estaren incursas en causas de inelixibilidade ou incompatibilidade das aplicábeis nas eleccións ao Parlamento de Galiza.
- III. De acordo co artigo 4.c) LILP, sinalan o seguinte enderezo para cursar as notificacións e comunicacións que sexan precisas: rúa de Pedro de Alcántara n.º 7 5ºK – 36003 Pontevedra; teléfono 699 461 953; correo electrónico [anxoricon@mundo-r.com](mailto:anxoricon@mundo-r.com). Os asinantes autorizan a D. Manuel Ángel RICÓN REGUERA a presentar e recibir escritos e documentos en nome da Comisión Promotora.
- IV. Para os efectos do artigo 4.b) LILP, as razóns que aconsellan a tramitación da presente iniciativa legislativa popular son, a xuízo dos asinantes, as seguintes: o Complexo Hospitalario de Pontevedra está composto actualmente por dous

edificios separados por unha considerábel distancia. Un deles, o Hospital Provincial, dificilmente cumpre as condicións mínimas de calidade e confort. Esta situación é incompatíbel cos estándares sanitarios propios dunha sociedade avanzada e afecta negativamente ao dereito constitucional á saúde dunha poboación de case 300.000 persoas. A solución pasa por crear un hospital único para Pontevedra mediante a ampliación do Hospital de Montecelo, mantendo o uso sanitario do edificio do actual Hospital Provincial após as necesarias reformas. Estas actuacións deben preservar o carácter público do Hospital, tanto no financiamento das obras como na súa xestión cotián.

V. De acordo co artigo 4.a) LILP, expónse a seguir o texto articulado da proposición de lei, precedido dunha exposición de motivos:

**PROPOSICIÓN DE LEI, POR INICIATIVA LEGISLATIVA POPULAR, PARA A  
CREACIÓN DO HOSPITAL PÚBLICO E ÚNICO DE PONTEVEDRA MEDIANTE  
A AMPLIACIÓN DO HOSPITAL MONTECELO**

**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS**

O artigo 43 da Constitución reconece o dereito á protección da saúde, correspondendo aos poderes públicos organizaren e tutelaren a saúde pública, mediante as medidas preventivas, as prestacións e os servizos necesarios. É competencia da Comunidade Autónoma de Galiza, consonte aos artigos 148 e 149 da Constitución e ao artigo 33 do Estatuto de Autonomía de Galiza, o desenvolvemento legislativo e a execución da lexislación básica do Estado en materia de sanidade interior, así como en materia de Seguridade Social, excepto as normas que configuran o seu réxime económico.

Na asistencia sanitaria pública na Estrutura Organizativa de Xestión Integrada de Pontevedra-Salnés (EOXI-PS) existen múltiples problemas. Entre eles, e sen ánimo de exhaustividade, poden mencionarse os seguintes: moitos Centros de Saúde están moi deteriorados, masificados e mal equipados, o que limita a súa capacidade resolutiva e dificulta o acceso da poboación a asistencia sanitaria; os Servizos de Saúde Mental



25 MAI. 2016

Núm. 50812

presentan unha manifesta escaseza de recursos persoais e unhas estruturas asistenciais inadecuadas e mal situadas; os Puntos de Atención Continuada (PAC) carecen dos

recursos diagnósticos necesarios para atender a demanda, coa conseguinte saturación dos Servizos de Urgencias Hospitalarios, nomeadamente o de Montecelo, que sofre colapsos recorrentes e que obriga os enfermos a permanecer horas en corredores, cadeiras e padiolas; o afastamento dos servizos de referencia que foron trasladados de Vigo a Santiago ten importantes repercusións asistenciais e económicas para os usuarios; os recursos de Rehabilitación Extrahospitalaria son moi limitados, e teñen listas de espera que obriga a derivar pacientes a centros privados de menor calidade que os públicos; o Centro de Orientación Familiar que ten sufrido importantes recortes que poñen en cuestión o carácter integral da atención á saúde sexual e reprodutiva das mulleres das áreas sanitarias de Pontevedra e o Salnés; os Servizos de Atención ás Drogodependencias, en situación moi deficitaria polos recortes orzamentarios; o funcionamento do Hospital do Salnés resulta pouco funcional ao non estaren ben clarificadas as súas funcións, e o seu nivel de autonomía respecto do resto das estruturas asistenciais da EOXI-PS.

Ademais, e esa é a motivación esencial desta Lei, no Complexo Hospitalario de Pontevedra existen outros problemas importantes, que están en íntima relación coa necesidade de finalizar unha longa etapa na que a ausencia de investimentos substanciais na principal infraestrutura sanitaria da EOXI-PS é clamorosa:

En primeiro lugar, o Complexo Hospitalario de Pontevedra (CHOP) segue dividido en dous edificios separados por quilómetros de distancia. Esta circunstancia xera problemas no funcionamento dos servizos, obriga a que os profesionais teñan que perder tempo a cotío indo dun hospital ao outro e, sobre todo, ocasiona incomodidade e riscos para doentes e familiares, así como traslados continuos en ambulancias.

En segundo lugar, as actividades de hospitalización de doentes mantéñense nun Hospital Provincial que non cumpre as condicións mínimas de calidade e confort que debe ter un hospital de agudos no século XXI, dado o deterioro que sofre polo paso do tempo e a ausencia de investimentos, con cuartos e corredores inadecuados, problemas de regulación térmica, malos cheiros, roedores, etc., impropios dunha atención digna e de calidade.

Nesta situación, o dereito constitucional a unha sanidade pública universal e de calidade, a necesidade de optimización no uso dos recursos e infraestruturas públicas existentes, a comenencia dunha calidade asistencial hospitalaria que evite a xeneralización de demoras na planificación sanitaria, a preservación de noso sistema sanitario público, que é unha referencia internacional, son razóns suficientes para que esta lei se cumpra e se desenvolva o nela establecido.

#### TEXTO ARTICULADO

##### **Artigo 1. Ampliación do Hospital de Montecelo, construído o Hospital público e único de Pontevedra.**

1. A Xunta de Galiza porá en marcha, con carácter urxente, os trámites necesarios para a construción do Novo Hospital de Pontevedra, no cal se integrarán os servizos hospitalarios que xa veñen funcionando nos edificios actuais do hospitais de Montecelo e Provincial, así como aqueloutros novos servizos que sexa preciso crear para atender correctamente a poboación das áreas sanitarias de Pontevedra e O Salnés.
2. O Novo Hospital de Pontevedra, resultado da ampliación do Hospital de Montecelo, será construído con financiamento plenamente público e a súa xestión será tamén totalmente pública.

##### **Artigo 2. Mantemento do uso sanitario do edificio do Hospital Provincial**

1. O edificio do Hospital Provincial manterá o uso sanitario unha vez que o Novo Hospital de Pontevedra entre en funcionamento.
2. Así, tras as necesarias obras de adaptación, no edificio do Hospital Provincial situaranse os servizos sanitarios como os seguintes: Servizo de Urxencias Extrahospitalario, Unidade de Saúde Mental Comunitaria, un novo Centro de Atención Primaria, Servizo de Rehabilitación Extrahospitalario, Centro de Orientación Familiar, Centro de Atención Integral a Drogodependentes, camas para atención de enfermos crónicos, e Hospital de Día para persoas

dependentes, así como outros de nova creación que sexan precisos para unha atención de calidade.

#### DISPOSICIÓN ADICIONAL.

Autorízase a Xunta de Galiza para ditar as disposicións regulamentarias necesarias para o desenvolvemento e aplicación desta Lei, previa consulta coas organizacións sindicais máis representativas no ámbito da sanidade.

#### DISPOSICIÓN DERROGATORIA.

Fican derogadas as disposicións anteriores que se opoñan ao disposto na presente Lei.



#### DISPOSICIÓN FINAL.


A presente Lei entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Polo exposto:

**SOLICITAN Á MESA DO PARLAMENTO DE GALIZA:** Que teña por formulado o presente escrito de promoción de iniciativa legislativa popular, acordando a súa admisión a trámite para, unha vez cumpridos os trámites legais, incluída a recolla e presentación de, como mínimo, dez mil sinaturas debidamente autenticadas de cidadáns e cidadás, publique a presente proposición de lei conforme ao artigo 123 do Regulamento da Cámara para a súa toma en consideración no Pleno e subseguinte tramitación parlamentaria.

Pontevedra, 20 de maio de 2016.





**Reunión do Pleno do Parlamento**

**Día: 23.05.2017**

**Hora: 10:00**

**Orde do día**

- 1.2 Debate de toma en consideración da Proposición de lei, do G.P. de En Marea, de reforma do Regulamento (doc. núm. 6438, 10/PPLR-000001)

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

1.2      6438(10/PPLR-000001)

Grupo Parlamentario de En Marea

Solla Fernández, Eva

Proposición de lei de reforma do Regulamento

*Publicación da iniciativa, 83, 15.03.2017*

### Á MESA DO PARLAMENTO

**O Grupo Parlamentario de En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 122 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición de lei de reforma do Regulamento**.

#### **ANTECEDENTES:**

- Artigo 148 da Constitución
- Artigo 10 do Estatuto de Autonomía de Galicia
- Disposición derradeira segunda do Regulamento da Cámara

#### **EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:**

A función de control por parte do Parlamento á acción do Goberno e concretamente ao cumprimento deste dos mandatos non legislativos aprobados no Parlamento, supón unha cuestión fundamental no desenvolvemento da actividade parlamentaria.

Con todo, o actual Regulamento non facilita o control dos mandatos non legislativos tales como as Proposicións non de lei ou as Mocións, que pese a que a súa aprobación supón unha manifestación da vontade unánime ou maioritaria da Cámara, vinculan só política e non xuridicamente ao Goberno, cuestión que motiva a necesidade de que o Parlamento articule mecanismos que permitan mellorar o control parlamentario no cumprimento do Goberno das iniciativas non legislativas aprobadas, dotando ditos mecanismos da cobertura legal necesaria na normativa que regula o funcionamento interno da Cámara.



Actualmente, existen Regulamentos parlamentarios noutras Comunidades que atendendo a esta necesidade arbitran fórmulas de avaliación.

Por todo o anterior, e coa finalidade de dotar de eficacia o control político das iniciativas non lexislativas aprobadas pola Cámara, preséntase a seguinte Proposición de lei de reforma do Regulamento:

#### “NOVO TITULO XV”

Control parlamentario das Proposicións non de lei e Mocións.

#### **Novo Artigo 167**

1. Ao inicio de cada período de sesións o Goberno remitirá á Mesa do Parlamento un informe da situación e grado de cumprimento das Proposicións non de lei e Mocións aprobadas.
2. Recibido o informe, a Mesa acordará a súa admisión a trámite, publicación e traslado aos Grupos Parlamentarios.
3. Por petición de a lo menos un Grupo Parlamentario, deberá comparecer na Comisión de Peticións un representante do Goberno para explicar o informe e responder ás preguntas que realicen os diferentes Grupos.

Santiago de Compostela, 9 de marzo de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputada do GP de En Marea

Voceiro do GP de En Marea.





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 10/03/2017 11:26**  
**Nº Registro: 6438**  
Data envío: 10/03/2017 11:26:30.518

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 10/03/2017 11:12:17**

**Luis Villares Naveira na data 10/03/2017 11:12:25**

Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 23.05.2017 Hora: 10:00  
Orde do día

2. Comparecencia

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

2.1      9119(10/PPP-000021)

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

Do Sr. conselleiro de Sanidade, por petición propia, para  
informar do novo modelo de atención en Atención Primaria



**XUNTA DE GALICIA**

CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS  
E XUSTIZA

Dirección Xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias

PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA

15 MAI. 2017

Núm. 9119

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,  
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA  
DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS  
15 MAI. 2017  
SAIDA  
Num. 546

Solicítolle, consonte o disposto no artigo 144 do Regulamento da Cámara, a comparecencia a petición propia -ante o Pleno- do conselleiro de Sanidade para informar “do novo modelo de atención en Atención Primaria”.

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

A directora xeral de Relacións Institucionais  
e Parlamentarias



Blanca García-Señoráns Álvarez

Sr. presidente do Parlamento de Galicia

Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 23.05.2017 Hora: 10:00  
Orde do día

3. Moción

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

3.1      9055(10/MOC-000031)

Grupo Parlamentario de En Marea

Vázquez Verao, Paula e Villares Naveira, Luis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación cos datos referidos á pobreza infantil. (Moción consecuencia da Interpelación n.º 2459, publicada no BOPG n.º 36, do 28.12.2016, e debatida na sesión plenaria do 09.05.2017)

## Á MESA DO PARLAMENTO

O **Grupo Parlamentar de En Marea** por iniciativa da súa deputada **Paula Vázquez Verao** e a través do seu voceiro **Luís Villares Naveira**, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Moción** para substanciar a Interpelación **2459 (10/INT-000094)** debatida na sesión plenaria do 9 de maio sobre a valoración do Goberno galego acerca das elevadas taxas de risco de pobreza infantil.

### **MOCIÓN:**

#### **A) O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:**

1. Impulsar, no presente período de sesións, un plan de choque específico para reducir o número de persoas que se atopan en situación de privación material severa, con especial incidencia nos fogares con menores.
2. Impulsar, neste período de sesións, a publicación do Decreto que desenvolva a Lei 10/2013, de 27 de novembro, de Inclusión Social de Galicia, de xeito dialogado cos sindicatos e coas asociacións e entidades que traballan sobre a pobreza e exclusión social, e regulando nel os tramos de inserción e transición ao emprego.
3. Elevar en 2018 a dotación da RISGA, co obxectivo de igualala ao SMI nesta lexislatura.
4. Definir, neste ano 201, un plan de transición do actual modelo de RISGA cara a modelos asimilables a rendas básicas de cidadanía.

5. Convocar, por mediación do Consello Galego de Relacións Laborais, a patronal e sindicatos máis representativos de cara a adoptar acordos para loitar contra a precariedade laboral da mocidade, eliminar a discriminación salarial de xénero e elaborar unha estratexia contra a pobreza laboral.
6. Incrementar o orzamento do programa 313C, de servizos sociais comunitarios, en 2018-2020, de xeito que garanta a atención universal e de calidade, cun nivel de excelencia, en todo o territorio galego.
7. Dotar os servizos sociais especializados da área de Menores da Xunta de Galicia dos medios materiais e humanos necesarios para prestar unha atención de calidade.
8. Aumentar nun 7% a contía por menor acollido/a en familia extensa.
9. Recuperar a xestión directa dos comedores escolares por parte da Consellería de Educación, garantindo a gratuidade do servizo e as prazas suficientes para todo o alumnado.
10. Impulsar unha oferta pública directa de actividades extraescolares e de ocio nos centros públicos para garantir o igual acceso do alumnado.
11. Elaborar un plan que permita garantir a gratuidade total do ensino de 0 a 3 anos, de xeito progresivo, antes de rematar a presente lexislatura; comezando por garantir a existencia de prazas públicas suficientes e rebaixar o limiar de renda familiar para a exención de taxas en escolas infantís até, canto menos, os 12.000 € anuais, de xeito que ditas familias queden exentas a partir do/a primeiro fillo/a.
12. Desenvolver un programa de bolsas compensatorias propio da Xunta de Galicia para atender ao alumnado con menos recursos



13. Incrementar a aplicación orzamentaria 10.40.422C.480.0 para axudas destinadas ao alumnado que curse estudos universitarios, no curso académico 2016/17, nas universidades do Sistema universitario de Galicia, que por causas sobrevidas e imprevistas teña dificultades económicas para continuar estudos.
14. Aumento da contía da Tarxeta Benvida e extensión desta até os 3 anos antes de 2020.
15. Actualizar e publicar o estudo realizado en 2014 pola Consellería de Traballo e Benestar sobre a pobreza infantil en Galicia, incluíndo un estudo pormenorizado e integral sobre a incidencia na pobreza entre a preadolescencia e adolescencia, de cara a aplicar un plan de choque específico nesta lexislatura.
16. Aumentar o gasto en programas de infancia e familia para acadar, antes de 2020, o gasto medio da UE (2,3% do PIB).
17. Elaborar unha estratexia galega para erradicar a discriminación por razóns de etnia que padece a poboación romaní, co obxectivo de reforzar e afondar nas áreas de emprego, vivenda e educación, marcando como obxectivo reducir, canto menos, á metade a taxa actual de abandono escolar temperán (63,7% ).
18. Creación do Consello Galego da Infancia e a Adolescencia, como organismo participativo da infancia e adolescencia nas políticas públicas da Xunta de Galicia.
19. Garantir que ningunha persoa con menores a cargo se vexa afectada por un procedemento de execución hipotecaria ou lanzamento por impago do alugeiro da súa vivenda habitual sen que se asegure unha alternativa habitacional.



**B) O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a solicitar ao Goberno de España:**

1. Derrogar o Real Decreto-Lei 3/2012, de 10 de febreiro, de medidas urxentes para a reforma do mercado laboral.
2. Derrogar a modificación do artigo 135 da Constitución Española.
3. Elevar a contía do Salario Mínimo Interprofesional ata acadar en 2020, canto menos, aos 1000 € mensuais.
4. Aumentar o gasto público en políticas de infancia e familia para acadar, antes de 2020, o gasto medio da UE (2,3% do PIB).
6. Aumentar as contías por fillo ou filla a cargo da Seguridade Social, de forma progresiva, dos actuais 291 ata os 1200 euros anuais para nenos e nenas con menos recursos.
5. Deixar de descontar das Pensiões Non Contributivas a contía por menor acollido/a en familia extensa.

Santiago de Compostela, 12 de maio de 2017.

Asdo.: Paula Vázquez Vero

Deputada do G.P. de En Marea

Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea



**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Veroa na data 12/05/2017 13:53:32**

**Luis Villares Naveira na data 12/05/2017 13:53:43**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 12/05/2017 13:54**  
**Nº Registro: 9055**  
Data envío: 12/05/2017 13:54:43.480



Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00  
Orde do día

4.        Proposicións non de lei

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.1      1245(10/PNP-000111)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e 4 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da mellora e clarificación da regulación da publicidade sanitaria, no relativo a centros, establecementos, bens e servizos para evitar anuncios enganosos

*Publicación da iniciativa, 18, 23.11.2016*

## A Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa dos deputados e deputadas, **Aurelio Núñez Centeno**, **Encarnación Amigo Díaz**, **Marta Rodríguez Arias**, **Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez** e **Miguel Tellado Filgueira**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

## Exposición de motivos

Existen normas especiais que regulan as condicións e as limitacións ou prohibicións concretas para a súa publicidade, promoción, distribución e venda dos medicamentos.

Non obstante, hai tamén no mercado e son obxecto de publicidade e promoción comercial unha serie de produtos, materiais, substancias, franquicias, establecementos ou métodos que se anuncian ou presentan como útiles para o diagnóstico, prevención ou tratamento de enfermidades, ou modificación do estado físico e psicolóxico, sen que se axusten ás normas especiais anteriormente citadas, nin tampouco cumbran, en ocasións, as esixencias de veracidade, claridade e información sobre o seu contido, composición, natureza ou efectos, podendo incluso supoñer nalgúns casos unha presunta fraude para os consumidores e usuarios.

Hai agora vinte anos que se publicou o Real Decreto 1907/1996, do 2 de agosto, sobre publicidade e promoción comercial de produtos, actividades ou servizos con pretendida finalidade sanitaria. O seu obxecto era regular estas situacións. Non obstante, a

regulación específica relativa á publicidade de centros, establecementos e servizos sanitarios aínda precisa desenvolvemento, e tamén procede delimitar de xeito claro as competencias do Goberno Central e as Comunidades Autónomas.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia, insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que mellore e clarifique a regulación da publicidade sanitaria no relativo a centros, establecementos, bens e servizos, para evitar anuncios enganosos, limitando especialmente todo aquilo que poda constituír un risco para a saúde, e contando para elo cos colexios profesionais”.

Santiago de Compostela, 16 de novembro de 2016

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 16/11/2016 17:37:34**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 16/11/2016 17:37:43**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 16/11/2016 17:37:50**

**Marta Rodríguez Arias na data 16/11/2016 17:37:56**

**Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez na data 16/11/2016 17:38:06**

**Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 16/11/2016 17:38:17**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.2      5577(10/PNP-000473)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Antón Vilasánchez, María Ángeles e 8 máis

Sobre o mantemento e promoción pola Xunta de Galicia das axudas na Área de Rehabilitación Integral dos Camiños de Santiago, como mínimo, ata o ano 2020

*Publicación da iniciativa, 75, 01.03.2017*





GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 23/02/2017 11:02  
Nº Rexistro: 5577  
Data envío: 23/02/2017 11:02:37.911

## A Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, a través do seu **Portavoz**, e por iniciativa das deputadas e deputados, **María Antón Vilasánchez, Jaime Castiñeira Broz, Gonzalo Trenor López, Martín Fernández Prado, Antonio Mouriño Villar, Marta Nóvoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Daniel Varela Suanzes-Carpegna e Diego Calvo Pouso**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa, a seguinte **proposición non lei para o seu debate en Pleno**.

### Exposición de motivos

No marco do Plan Estatal de fomento de alugamento de vivendas, a rehabilitación edificatoria e a rexeneración e renovación urbanas 2013-2016, o Ministerio de Fomento e a Xunta de Galicia asinaron un acordo específico de financiamento da ARI dos Camiños de Santiago.

Esta actuación que forma parte do Plan RehaVita e do Plan do Camiño de Santiago en Galicia é a única desta natureza cuxa xestión corresponde íntegra e directamente á Comunidade Autónoma de Galicia.

Neste sentido a Consellería de Infraestruturas e Vivenda, para o seu desenvolvemento polo Instituto Galego de Vivenda e Solo, regulou especificamente o público obxectivo deste programa e as bases reguladoras para a concesión destas axudas.

Un programa que consiste basicamente en actuacións de rehabilitación de edificios e vivendas no ámbito da ARI dos Camiños de Santiago, determinándose como territorio afectado aquel polo que discorren algunha das sete rutas declaradas (Camiño Francés, Vía da Prata I e II, Camiño Inglés, Camiño Primitivo, Camiño do Norte, Camiño Fisterra-Muxía e Camiño Portugués), a nivel de parroquia no caso dos concellos do rural e a nivel de trazado no caso das zonas urbanas.

Nace así o programa “Vivendas no Camiño” cunha clara vocación de:

Por unha banda, contribuír á mellora da calidade de vida dos veciños e veciñas que viven no ámbito de afectación dos Camiños de Santiago en Galicia.

Por outra, potenciar e recuperar o coidado da contorna do Camiño de Santiago.

E, finalmente, pero non menos importante, posibilitar e impulsar a fixación de poboación no rural galego, xa que non podemos esquecer que o Camiño de Santiago discorre fundamentalmente por zonas e núcleos rurais.

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Pleno:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a manter e promover as axudas na Área de Rehabilitación dos Camiños de Santiago nos próximos anos como mínimo ata o ano 2020”.

Santiago de Compostela, 23 de febreiro de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Pedro Puy Fraga na data 23/02/2017 10:52:23**

**María Antón Vilasánchez na data 23/02/2017 10:52:33**

**Jaime Castiñeira Broz na data 23/02/2017 10:52:41**

**Gonzalo Trenor López na data 23/02/2017 10:52:47**

**Martín Fernández Prado na data 23/02/2017 10:53:00**

**Antonio Mouriño Villar na data 23/02/2017 10:53:13**

**Marta Novoa Iglesias na data 23/02/2017 10:53:20**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 23/02/2017 10:53:28**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 23/02/2017 10:53:41**

**Diego Calvo Pouso na data 23/02/2017 10:53:52**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.3      8075(10/PNP-000746)

Grupo Parlamentario de En Marea

Casal Vidal, Francisco

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coas prácticas comerciais que están a levar a cabo as compañías distribuidoras de electricidade para contratar ou trasladar os seus clientes ao mercado libre da enerxía eléctrica

*Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa do seu deputado **Francisco Casal Vidal** e ao abeiro do artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei**, para o seu debate en **Pleno**, **relativa ás enganosas ofertas aos consumidores para contratar ou pasarse ao mercado libre da electricidade nos fogares.**

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses estanse a producir agresivas campañas de publicidade, tanto en medios como mediante chamadas telefónicas e visitas domiciliarias, por parte das principais comercializadoras que operan no mercado libre de electricidade. O obxectivo é conseguir que os consumidores renunciem á tarifa PVPC (Prezo Voluntario para o Pequeno Consumidor) pasándose ao mercado libre, con ofertas de tarifas que, na maioría dos casos, supoñen aceptar revisións de prezos mensuais ou previo aviso, con criterios non especificados no contrato, a renuncia á facturación por horas, e a posibilidade de optar ao Bono Social que, de acordo co RDL 6/2009 Art. 2(3), está ligado a dispor dun contrato con tarifa PVPC. E o máis grave é que na maioría dos casos o consumidor non é consciente do que está a asinar.

Moitos dos usuarios serían conscientes de que contrataron a luz cunha comercializadora de mercado libre, pero outros cámbianse, ou cámbiannos, sen sabelo, como denuncian as organizacións de consumidores.



A CNMC realiza cada seis meses unha enquisa entre os consumidores para examinalos. E a última, de novembro pasado, revela que o 44 % dos consultados non sabían que tipo de tarifa eléctrica tiñan contratada e, un cuarto deles, tampouco coñecían que potencia eléctrica tiñan dispoñible no fogar.

A CNMC tamén constatou estas prácticas de engano e hai unhas semanas comunicou unha multa de 155.000 euros a Gas Natural Fenosa, Iberdrola, Endesa e Viesgo por cambiar o contrato de varios clientes para pasalos ao mercado libre sen o seu consentimento expreso.

De acordo coa información máis recente publicada pola CNMC, no seu comparador de ofertas unicamente teñen prezos inferiores ao PVPC, ofertas con información contractual escasa, ou inexistente, ou aquelas que inclúen cláusulas de revisión mensuais, trimestrais ou previo aviso. É dicir, ofrécense prezos enganosos que poden incrementarse en cuestión de meses ou semanas.

Ademais, outro tipo de ofertas ofrecen a oportunidade de abonar un prezo fixo cada mes, pero esa estabilidade págase e a factura engorda ao final de ano.

Ademais ao pasar ao mercado libre aos consumidores as comercializadoras non están obrigadas a cumprir as normativas do regulado polo Ministerio de Industria e Enerxía e poden pactar libremente co cliente prezos e, o máis importante, as condicións do contrato.

Desta maneira os consumidores renuncian a dereitos que se inclúen na tarifa PVPC, dos que, en moitos casos, as persoas que cambian o contrato non son conscientes e que nunca lles son advertidos. Entre outros podemos citar:

- Regulación sobre os cortes de subministración por falta de pagamento de facturas. No PVPC, as comercializadoras deben dar unha marxe de tempo de



dous meses aos clientes nesa situación antes de deixalos sen luz. No libre, a interrupción pode ser instantánea.

- A posibilidade de acollerse ao Bono Social, que só existe cando se ten un contrato con tarifa PVPC.

Ata hai pouco tempo a inmensa maioría de consumidores galegos estaban na tarifa PVPC, pero as agresivas e enganosas campañas mencionadas están a revertir esta situación, o que constitúe unha estafa de enormes magnitudes. Mesmo se dá o caso de que en novas contratacións nin sequera se ofrece ao consumidor a posibilidade de contratar a PVPC.

É verdade que a tarifa de libre mercado podería ser vantaxosa para algúns fogares con dereito a tarifa PVPC, pero son os mínimos e con condicións moi especiais, polo que resulta imprescindible que a renuncia á tarifa PVPC se realice debidamente asesorado.

A situación actual é a seguinte:

- Gas Natural Fenosa: 1.100.000 abonados en PVPC e 300.000 en mercado libre.
- Iberdrola: 3.000 abonados en PVPC e 94.000 en mercado libre.
- Viesgo: 37.000 abonados en PVPC e 54.500 en mercado libre.
- Endesa: 1.600 abonados en PVPC e 68.200 en mercado libre.

É dicir un total en Galicia de 516.700 consumidores no mercado libre.

Estimamos que ao 90% deles non lles compensa estar nesta tarifa, que lles supón, como mínimo, entre 50 e 100 € máis de custo anual polo seu consumo eléctrico, ademais de renunciar aos dereitos xa comentados.

Estas hipóteses levaríannos a estimar que a estafa que se está producindo supón un extracoste para as cidadás e cidadáns de entre 25,8 e 51,6 M€ ao ano.



Ante todo o exposto, consideramos que o Goberno da Xunta de Galicia ten que intervir de maneira urxente para protexer o dereito dos cidadáns, recollido na Lei do Sector Eléctrico, a acceder a unha tarifa eléctrica regulada como o PVPC e a tomar as súas decisións, nun asunto tan vital como a subministración de enerxía eléctrica, de maneira voluntaria, consciente e debidamente asesorados, impedindo os abusos que se están producindo que, ademais, afectan de forma especial aos máis débiles e con menos acceso á información.

A este fin, En Marea presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno:**

O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a:

- 1.- Promover unha campaña de información a través da Dirección Xeral de Comercio que advirta aos consumidores das prácticas que están a desenvolver as compañías distribuidoras de electricidade para trasladar aos seus clientes ao mercado libre.
- 2.- Establecer puntos de información en tódalas cidades e vilas de Galicia, en coordinación cos Concellos, nos que as cidadáns podan ser asesoradas por expertos sobre a mellor tarifa e potencia contratada para o seu caso particular.
- 3.- Esixir ás comercializadoras que os consumidores que renuncian á tarifa PVPC dispoñan dun protocolo regulado onde, por unha banda, se confirme a idoneidade dos mesmos para tomar esta decisión tendo en conta elementos tales como a idade, ingresos, etc., para que, no seu caso, sexa obrigatoria a intervención dos servizos sociais ou dunha persoa cualificada debidamente autorizada, e por outra, se explicita con detalle cada un dos dereitos aos que se renuncia e as obrigacións máis relevantes do novo contrato como: revisión dos prezos, corte de subministración, recargas ou reducións de subministración por falta de



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 19/04/2017 10:45  
Nº Rexistro: 8075  
Data envío: 19/04/2017 10:45:30.992



pagamento e unha comparación en €/ano considerando o consumo medio do consumidor, para o ano en curso, entre o PVPC e o contrato que se ofrece eliminando todas as promocións temporais.

Santiago de Compostela, 19 de abril de 2017.

Asdo.: Francisco Casal Vidal,

Asdo.: Luís Villares Naveira

Deputado do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Francisco Casal Vidal na data 19/04/2017 10:42:15**

**Luis Villares Naveira na data 19/04/2017 10:42:27**



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.4      8157(10/PNP-000754)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón

Sobre o traslado pola de Xunta de Galicia ao Congreso dos Deputados da solicitude de constitución dunha comisión parlamentaria de investigación sobre as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois-Santiago o 24 de xullo de 2013, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade

*Publicación da iniciativa, 109, 03.05.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa do seu deputado **Antón Sánchez García** e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

### EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O accidente ferroviario acontecido na curva da Grandeira, en Angrois, custou 81 vidas humanas e decenas de feridos.

Ante a gravidade do accidente e as dúbidas razoables de erros no sistema de seguridade, confirmadas cada vez máis, á luz do que se vai coñecendo da investigación xudicial, por exemplo que o Xulgado de Instrución número 3 de Santiago de Compostela citou como investigado ao director de Seguridade na Circulación de Adif, como presunto responsable, por imprudencia grave, de 80 delitos de homicidio e 150 de lesións; os poderes públicos están especialmente obrigados a investigar as causas e depurar as responsabilidades de todo tipo ás que houbera lugar.

O acontecido, desgraciadamente, non ten volta atrás, pero é unha obriga legal, ética e de compromiso público que por parte das institucións se proceda a realizar todas cantas medidas, actividades e actuacións poidan contribuír a evitar que accidentes desta natureza se poidan reproducir no futuro.

O Parlamento de Galiza, como máxima expresión e representación política do pobo galego, debe estar especialmente obrigado a investigar as causas do



accidente do 24 de xullo, así como o estado xeral de seguridade da rede de alta velocidade, tanto da actualmente operativa como da prevista no futuro. Dito labor investigador é plenamente compatible coa que poidan e deban desenvolver tanto a administración ferroviaria (ADIF-Renfe) como a que sexa obxecto do procedemento penal en curso.

O Parlamento galego ademais ten a capacidade segundo o seu Regulamento de constituír calquera Comisión de Investigación que teña interese público sendo, polo tanto, falsos os argumentos que lle negan esa capacidade, argumentos utilizados durante 4 anos para vetar esa Comisión que depure as responsabilidades políticas e cuxas conclusións sirvan para que non volvan acontecer traxedias coma a acontecida en Angrois.

As persoas afectadas polo accidente e o conxunto da cidadanía galega esixen e precisan coñecer as causas do accidente e tamén a situación real das condicións de seguridade da rede de alta velocidade na Galiza. Moito máis cando os datos que se van coñecendo amosan claramente as deficiencias das medidas activas e pasivas de seguridade e control das mesmas, así como do propio deseño da rede e das súas condicións materiais e técnicas (plataforma, vehículos, medidas de seguridade, etc) .

O Informe da Axencia Europea do Ferrocarril censurando a composición da CIAF como comisión independente para estudar o accidente, evidencia aínda máis a posición obstrucionista e contraria á verdade do Goberno español.

É preciso esclarecer as responsabilidades penais se as houbera, pero tamén as políticas, e estas teñen o seu ámbito de determinación e depuración nos Parlamentos.



Pero o certo é que no Parlamento galego o principal argumento utilizado polo Partido Popular e o PSdG foi o de que a Cámara non ten competencias para levar a cabo a Comisión de Investigación deste accidente, e aínda crendo que é un argumento falso que esconde outras motivacións, a búsqueda da verdade e da xustiza, para as vítimas, familiares, e para a cidadanía en xeral, obríganos a buscar outras vías para conquistar os anteditos obxectivos.

Aínda que convencidos de que Galiza, onde ocorreu a traxedia, e por elo o seu Parlamento como expresión democrática do pobo galego, é o lugar para investigar, e sen renunciar nunca a esa idea, nesta iniciativa pretendemos que o Parlamento se pronuncie esixindo unha Comisión de Investigación política no Congreso dos Deputados.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de Lei para o seu debate en Pleno:

O Parlamento galego, sen prexuízo da constitución dunha Comisión de Investigación neste Parlamento no futuro, insta á Xunta de Galicia a que traslade ao Congreso dos Deputados a solicitude de que se constituía unha Comisión de Investigación parlamentaria **sobre as causas do accidente ferroviario acontecido en Angrois-Santiago o pasado 24 de xullo, así como sobre as condicións de seguridade na rede ferroviaria de alta velocidade.**

Santiago de Compostela, 21 de abril de 2017.

Asdo.: Antón Sánchez García

Voceiro s. do G.P. de En Marea.



**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 21/04/2017 12:14:57**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.5        8481(10/PNP-000796)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Quiroga Díaz, José Antonio e Pérez Seco, José Manuel

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co impacto e as perdas económicas ocasionadas polas xeadas acaecidas a finais do mes de abril de 2017 ao sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe nas provincias de Lugo e Ourense

*Publicación da iniciativa, 112, 10.05.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno.

As xeadas acaecidas a pasada madrugada produciron graves danos nas denominacións de orixe de viño nas provincias de Ourense e Lugo. Polos datos que nos van chegando o monto global de perdas para o sector vitivinícola pode acadar os 72 millóns de euros, dado que se calcula que se estragaron uns 16,3 millóns de quilos de uva o que supón que no chegarán ao mercado 21,7 millóns de botellas de viño.

Non é unha estimación fiable, non obstante, os danos están á vista, especialmente en Monterrei, Valdeorras e na Ribeira Sacra onde a xeadada devastou a maior parte dos racimos xa formados, zonas nas que os produtores e adegueiros se atopan desprotexidos pola perda da colleita para este ano ao non poder cumprir as expectativas de calidade, recolleita e venda.

Esta situación require dunha actuación urxente da Administración para paliar os danos producidos polas temperaturas meteorolóxicas extremas acaecidas, que pon en perigo a supervivencia dun sector económico importante e representativo de Galicia, dada a redución da cantidade prevista para este ano e a baixa calidade da uva que se poida recuperar.

Por iso o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Realizar, un estudo que permita a avaliación urxente e inmediata do impacto das inclemencias meteorolóxicas acaecidas nos últimos días, e das perdas económicas ocasionadas de maneira específica aos membros do sector vitivinícola das distintas denominacións de orixe.



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 29/04/2017 10:00  
Nº Rexistro: 8481  
Data envío: 28/04/2017 18:44:47.297



 Grupo Parlamentario

2º) Abrir unha orde de axudas, dotada do orzamento suficiente, dirixida fundamentalmente aos membros do sector vitivinícola das diferentes denominacións de orixe, para paliar os danos e realizar os pertinentes traballos de recuperación da colleita naqueles casos nos que aínda sexa posible.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Pazo do Parlamento, 28 de abril de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**José Antonio Quiroga Díaz na data 28/04/2017 18:37:12**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 28/04/2017 18:37:24**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 28/04/2017 18:37:34**



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.6      8545(10/PNP-000800)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, José Luis e 5 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación cos danos ocasionados pola xeadada no viñedo, na noite do 26 ao 27 de abril de 2017, nas provincias de Lugo e Ourense, principalmente nas zonas das denominacións de orixe do Ribeiro, a Ribeira Sacra, Valdeorras e Monterrei

*Publicación da iniciativa, 112, 10.05.2017*



### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa dos deputados e deputadas **Xosé Luis Rivas Cruz, Noa Presas Bergantiños, Ana Belén Pontón Mondelo, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, formulan a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

Na noite do 26 ó 27 deste mes de abril unha inesperada e xeneralizada xeada ocasionou considerables danos nos cultivos cunha forte incidencia no viñedo principalmente en zonas de D.O. coma o Ribeiro, Ribeira Sacra, Valdeorras ou Monterrei.

Sen que haxa polo de agora unha valoración polo miúdo dos danos ocasionados todo parece indicar que superan o 50% da produción de uva achegándose nalgunhas zonas ó 100%.

A perda de ingresos que supoñen estes danos poden poñer en risco a viabilidade e supervivencia de moitas explotacións.

Por todo o exposto o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento galego insta á Xunta de Galiza a:

a) Establecer contactos co sector, con carácter urxente, para a avaliación, do territorio afectado.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 02/05/2017 16:32**  
**Nº Rexistro: 8545**  
Data envío: 02/05/2017 16:32:58.223

b) Valorar os danos sufridos polas explotacións.

c) Abrir liñas de axuda para apoiar as explotacións afectadas.”

Santiago de Compostela, 2 de maio de 2017

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

**Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 02/05/2017 16:27:13**

**Olalla Rodil Fernández na data 02/05/2017 16:27:19**

**Noa Presas Bergantiños na data 02/05/2017 16:27:23**

**María Montserrat Prado Cores na data 02/05/2017 16:27:27**



BLOQUE NACIONALISTA GALEGO  
OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 02/05/2017 16:32  
Nº Rexistro: 8545

Data envío: 02/05/2017 16:32:58.223

**Xosé Luis Bará Torres na data 02/05/2017 16:27:29**

**Ana Pontón Mondelo na data 02/05/2017 16:27:32**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.7      8571(10/PNP-000803)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 2 máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central, así como a actuación que debe levar a cabo en relación coa situación política e social que se está a vivir en Venezuela, e, nomeadamente, a das persoas galegas emigrantes nese país

*Publicación da iniciativa, 112, 10.05.2017*



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado e das súas deputadas, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu en Pleno.

O informe anual *Venezuela 2016/2017* de Amnistía Internacional é especialmente preocupante.

Segundo este informe, o Goberno declarou o Estado de excepción e prorrogouno catro veces. A maioría das persoas sospeitosas de ser responsables de crimes de dereito internacional e violacións de dereitos humanos cometidos durante as protestas de 2014 aínda non compareceron ante a xustiza. Continua a violencia e o amontoamento nos cárceres. As sobreviventes da violencia de xénero enfrontábanse a considerables obstáculos para acceder á xustiza. Buscando o seu descrédito, lanzábanse frecuentes campañas de discriminación contra periodistas e defensores e defensoras dos dereitos humanos, que tamén sufrían agresións e intimidación. Seguiu encarcerando a persoas críticas co Goberno e a membros da oposición política. Denunciouse o uso excesivo da forza por parte da policía e das forzas de seguridade.

A maioría das sentenzas e das ordes sobre Venezuela ditadas pola Corte Interamericana de Dereitos Humanos aínda non se cumpriran ao rematar o ano 2016.

A escaseza de alimentos e medicamentos intensificouse de xeito alarmante, o que desatou protestas en todo o país.

En outubro, o alto comisionado das Nacións Unidas para os dereitos humanos declarou que varios relatores especiais tiveran dificultades para visitar o país porque o Goberno non lles concedía os permisos pertinentes.



#### Grupo Parlamentario

En contra do disposto polas normas internacionais de dereitos humanos, xulgase a civís perante os tribunais militares. As forzas policiais negábanse a cumprir as ordes de posta en liberdade ditas polos tribunais.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

O Tribunal Supremo de Xustiza limitou drasticamente mediante resolucións as facultades da Asemblea Nacional, con maioría da oposición, o que entorpecía a capacidade dos deputados e deputadas para representar aos pobos indíxenas. O Tribunal Supremo tamén anulou unha declaración parlamentaria sobre a non discriminación relacionada coa orientación sexual e a identidade de xénero, e unha declaración que pedía o cumprimento das decisións adoptadas polas organizacións intergubernamentais.

A retirada do país da xurisdición da Corte Interamericana de Dereitos Humanos (efectiva desde 2013) continuou privando do acceso á xustiza, á verdade e á reparación ás vítimas de violacións de dereitos humanos e as súas familias.

Segundo o Observatorio Venezolano de Conflitividade Social, durante o ano 2016 rexistráronse aproximadamente 590 manifestacións ao mes. A maioría estaban relacionadas con demandas de dereitos económicos, sociais e culturais, en particular co acceso a alimentos, saúde e vivenda.

Seguiuise a encarcerar a persoas que se opoñían politicamente ao Goberno. Segundo o Foro Penal Venezolano, máis dun cento de persoas estaban retidas por razóns políticas.

O Comité de Dereitos Humanos da ONU expresou preocupación sobre os informes de abusos cometidos polo exército contra os pobos indíxenas establecidos na Guajira, Estado Zulia, na fronteira con Colombia.

A crise económica e social no país seguiu empeorando. Ante a falta de estatísticas oficiais, axencias privadas e independentes, como o Centro de Documentación e Análises para os Traballadores (Cenda), informaron de que desde novembro de 2015 ata outubro de 2016 houbo unha inflación do 552 % nos produtos alimentarios, o que dificultaba enormemente á poboación a compra de alimentos, incluso cando os encontraban. Segundo o Observatorio Venezolano da Saúde, o 12,1 % da poboación comía unicamente dúas veces ao día. A



#### Grupo Parlamentario

Fundación Bengoa para a Alimentación e Nutrición estimaba que o 25 % dos nenos e nenas padecían malnutrición.

Estas son algunhas das dramáticas conclusións do informe.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Neste difícil contexto político, social e económico, dende comezos de 2016, o Goberno de Venezuela non está facendo fronte aos pagos que deben percibir os pensionistas e xubilados españois que teñen retornado daquel país, pertencendo a este colectivo máis de 3.500 retornados galegos. Estes pagos mensuais debe abonalos o Goberno de Venezuela en virtude do correspondente convenio bilateral asinado con España.

Nos supostos de máis necesidade, moitos dos nosos emigrantes retornados de Venezuela poden estar xa a sufrir situacións graves, non podendo acceder ademais aos servizos de emerxencia social ou vendo retirados os complementos de mínimos da Seguridade Social.

A situación dos galegos que residen en Venezuela está loxicamente a sufrir a situación descrita.

Estamos así ante un grave deterioro do Estado de dereito na República de Venezuela. Este proceso acadou unha situación crítica o mércores 29 de marzo, cando o Tribunal Supremo de Xustiza venezolano asumía as competencias da Asemblea Nacional, limitando a inmunidade aos seus deputados e outorgándose poderes extraordinarios en materia penal, militar, económica, social, política e civil. Este intento de abolición da máis básica das regras dun réxime democrático, o respecto á lei, que foi rectificadado grazas á presión internacional, levou a que numerosos países e organismos falaran de ruptura da orde democrática en Venezuela.

Dezanove países aprobaron na OEA o pasado 3 de abril unha resolución denunciando unha “violación da orde constitucional” en Venezuela, esixindo a reinstauración da separación de poderes.

O 1 de maio o presidente venezolano, Nicolás Maduro, anunciou de forma unilateral a convocatoria dunha “assemblea nacional constituínte”.





## Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

A pesar das reiteradas resolucións, ditames e declaracións, provenientes da Unión Europea, así como as do presidente del Parlamento Europeo, Antonio Tajani, de organismos rexionais como Mercosur ou a Organización dos Estados Americanos (OEA) e o seu Secretario xeral, Luis Almagro, ou das principais organizacións non gobernamentais encargadas de velar polos dereitos humanos, e do intento de mediación promovido por Unasur coa participación dos 3 ex presidentes e o Vaticano, o Goberno venezolano mantén o seu rumbo, ignorado sistematicamente as chamadas á sensatez e ao diálogo.

É necesario así adoptar todas as medidas precisas, no ámbito das relacións exteriores e sen deixar de confiar nos planteamentos de diálogo e mediación en marcha, para avanzar decididamente na paz social, a estabilidade política e institucional en Venezuela, con pleno dereito á democracia e respecto aos Dereitos Humanos. Os lazos entre Galicia e Venezuela, a situación dos galegos que residen naquela república e a dos emigrantes retornados, esixen que por parte da nosa Comunidade se tomen todas as iniciativas posibles.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Demandar do Goberno do Estado unha acción exterior firme, prioritaria e prudente co Goberno da República de Venezuela que, apostando polo diálogo, garanta as liberdades democráticas venezolanas, coa liberación dos presos políticos, asegure os necesarios procesos electorais transparentes e esixa o máximo respecto aos Dereitos Humanos.

2º) Demandar do Goberno central unha solución urxente con Venezuela, co fin de garantir a protección da nosa emigración naquel país, que desbloquee ademais o non pagamento das pensións dos nosos emigrantes, en observancia dos convenios bilaterais subscritos entre os dous países.

3º) Adoptar todas medidas necesarias para atender as necesidades máis urxentes dos emigrantes galegos máis afectados pola súa situación en Venezuela e polo non pagamento das súas pensións por parte do seu Goberno.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
Data asento: 03/05/2017 13:34  
**Nº Rexistro: 8571**  
Data envío: 03/05/2017 13:34:13.554



---

**Grupo Parlamentario**

Pazo do Parlamento, 3 de maio de 2017

---

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Juan Manuel Díaz Villoslada na data 03/05/2017 12:02:20**

**Patricia Vilán Lorenzo na data 03/05/2017 12:02:33**

**Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 03/05/2017 12:02:40**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 03/05/2017 12:02:47**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

4.8      8618(10/PNP-000808)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén e 5 máis

vSobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e a demanda que debe realizar ao Goberno central en relación co investimento previsto no Programa de Estabilidade de España 2017-2020 para o rescate de diversas autoestradas

*Publicación da iniciativa, 112, 10.05.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 04/05/2017 13:25  
Nº Rexistro: 8618  
Data envío: 04/05/2017 13:25:23.297

### Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG), a iniciativa das deputadas e deputados **Ana Belén Pontón Mondelo, Noa Presas Bergantiños, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Luis Bará Torres**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Pleno**.

O 28 de abril de 2017 Consello de Ministros acordou a remisión á Comisión Europea do Programa de Estabilidade de España 2017-2020 e do Programa Nacional de Reformas do Reino de España 2017. Esta remisión é obrigatoria para todos os Estados membros da UE e constitúe a **planificación oficial das** contas públicas para cumprir os obxectivos de déficit.

Na información que fixo pública o Goberno obviou contidos importantes que aparecen no Programa de Estabilidade como é que se detalla o custe do rescate das autoestradas quebradas: as radias madrileñas (R-2, R-3, R-4 y R-5), a AP-36 Ocaña-La Roda, a M-12 Eje Aeropuerto, a circunvalación de Alicante (Ciralsa), a AP-41 Madrid-Toledo e Aucosta (Cartagena-Vera).

Concretamente a cifra que prevé pagar o Goberno a costa do erario público sitúase nos 3.500 millóns de euros, tal e como se recolle literalmente na Actualización do **Programa de Estabilidade de España 2017-2020**:



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/05/2017 13:25**  
**Nº Rexistro: 8618**  
Data envío: 04/05/2017 13:25:23.297

"Finalmente, en cuanto a la evolución del gasto en inversiones (FBCF), se estima que a lo largo del período 2017-2020, tras un período de contención del gasto público, la inversión FBCF volverá a crecer para atender al mantenimiento de las inversiones y acometer nuevas inversiones financieramente sostenibles. En todo caso, para el período 2017-2018, esta rúbrica está afectada por la cobertura por importe de 3.500 millones de euros para atender la responsabilidad patrimonial derivada de los procedimientos judiciales de las ocho autopistas de peaje que se encuentran en concurso de acreedores y que se estima pueda hacerse efectiva en dicho período."

En suma, confirman que -como mínimo- van a destinar 3.500 millóns de euros para rescatar as citadas autoestradas, ao mesmo tempos que din que non hai nin un só céntimo de euros para acabar coa estafa das peaxes da AP-9. Non só iso, senón que nese mesmo período o que se anuncian aumentos importantes nas peaxes e pagala os usuarios/as galegos/as.

Ante esta situación que nos parece un agravio inaceptábel, o Grupo Parlamentar do BNG formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en Pleno:

“O Parlamento de Galiza acorda como resolución instar á Xunta de Galiza e ao seu Presidente a:

1. Adoptar todas as medidas legais e políticas ao seu alcance para evitar que se rescate con fondos públicos as radias madrileñas (R-2, R-3, R-4 y



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/05/2017 13:25**  
**Nº Rexistro: 8618**  
Data envío: 04/05/2017 13:25:23.297

R-5), a AP-36 Ocaña-La Roda, a M-12 Eje Aeropuerto, a circunvalación de Alicante (Ciralsa), a AP-41 Madrid-Toledo e Aucosta (Cartagena-Vera).

2. Demandar do Goberno do Estado, que a cantidade prevista no *Programa de Estabilidade de España 2017-2020* para rescatar autoestradas se dedique con carácter preferente ao rescate da AP-9.”

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017

**Asdo.: Noa Presas Bergantiños**

**Olalla Rodil Fernández**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Montserrat Prado Cores**

**Luis Bará Torres**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Portavoz do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Noa Presas Bergantiños na data 04/05/2017 13:24:16**



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/05/2017 13:25**  
**Nº Rexistro: 8618**  
Data envío: 04/05/2017 13:25:23.297

**Olalla Rodil Fernández na data 04/05/2017 13:24:21**

**Xose Luis Rivas Cruz na data 04/05/2017 13:24:24**

**María Montserrat Prado Cores na data 04/05/2017 13:24:28**

**Xosé Luis Bará Torres na data 04/05/2017 13:24:33**

**Ana Pontón Mondelo na data 04/05/2017 13:24:38**

Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 23.05.2017 Hora: 10:00  
Orde do día

5. Interpelacións



**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

- 5.1      7030(10/INT-000292)
- Grupo Parlamentario de En Marea
- Solla Fernández, Eva
- Sobre a política de urxencias médicas e emerxencias
- Publicación da iniciativa, 92, 29.03.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de **En Marea**, por iniciativa da súa deputada **Eva Solla Fernández**, ao abeiro do artigo 147 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Interpelación**.

En Galicia, as urxencias médicas e as emerxencias son atendidas polo 061 e o 112 respectivamente, que prestan os seus servizos dende Santiago.

Por unha decisión que responde a unha cuestión estritamente política, como así foi recoñecido por parte do Vicepresidente da Xunta e o Conselleiro de sanidade ás traballadoras e traballadores de ambos servizos, serán trasladados de Santiago a un novo edificio na Estrada.

Esta decisión, que non responde a ningún tipo de criterio técnico, non foi consultada co persoal afectado e resulta contraria a criterios de diferentes expertos en coordinación de emerxencias. Ademais, o persoal denuncia as carencias da nova plataforma que se queda colgada na entrada de chamadas o que condiciona a seguridade do servizo para a poboación, pois o programa que pretenden levar para a nova instalación, aínda está en fase de probas.

Por outra banda, co traslado, non só empeoran o propio servizo para a poboación, si non que afectan de xeito directo as condicións laborais do persoal que vai a ter que soportar por medio dos seus salarios os gastos do traslado e vai a ver totalmente condicionada a posibilidade de conciliación laboral e persoal.

Por todo o anterior e ante a falta de diálogo e transparencia por parte da Xunta de Galicia, En Marea presenta a seguinte **Interpelación**:



- Que motivos ten a Xunta de Galicia para ter investido arredor de 12 millóns de euros no novo edificio da estrada en lugar de dotar de medios os servizos do 112 e o 061 como demanda as traballadoras e traballadores?
- Que pensa facer a Xunta de Galicia en relación ao custo que vai a ter que soportar o persoal co traslado?
- Ten pensado a Xunta reconsiderar dito traslado?
- Ten pensado sentarse a negociar as condicións do traslado?
- Por qué non contestan ás solicitudes desta deputada para visitar as instalacións e manter unha reunión coas respectivas direccións tanto do 112 como do 061?
- Responde este traslado a unha intención de fusionar os servizos?

Santiago de Compostela, 23 de marzo de 2017.

Asdo.: Eva Solla Fernández

Deputada do G.P de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Eva Solla Fernández na data 23/03/2017 17:56:33**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.2      8005(10/INT-000335)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e Burgo López, María de la  
Concepción

Sobre as instrucións ditadas para a realización, no curso  
2016-2017, das probas de avaliación de bacharelato para o  
acceso á universidade

*Publicación da iniciativa, 105, 26.04.2017*

## Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Luís Manuel Álvarez Martínez e María Concepción Burgo López, deputado e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte interpelación.

O pasado 5 de abril de 2017 a valedora do pobo abriu unha investigación de oficio ante a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria para que aclare aspectos sobre a futura proba de avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU).

Esta actuación de oficio ten a súa orixe na publicación da Resolución conxunta do 21 de febreiro de 2017, da Secretaría Xeral de Universidades e da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para a realización, dentro do curso 2016/17, da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade (ABAU) para o curso 2017/18 o día 27 de marzo de 2017.

Segundo a propia Institución, esa resolución introduciu elementos que poden estar a vulnerar os dereitos académicos dos estudantes e mesmo cuestionar a seguridade xurídica do proceso.

Por outro lado, subliña as previsións para a exención na materia de Lingua Galega e Literatura nesta proba. A actual resolución limita esta opción aos alumnos exentos no segundo curso de Bacharelato, cando unha orde en vigor (Orde de 24 de marzo de 2011) inclúe aos bachareis que estiveran fóra de Galicia ou exentos nalgún dos dous cursos do Bacharelato.

Ademais tampouco aclara a situación do alumnado que repetiu o segundo curso de Bacharelato, estando matriculado soamente das materias que non superou e outro grupo de alumnos que enfrontan a situación con incerteza está integrado polas persoas que tendo rematado o Bacharelato no curso pasado non se presentaron ou non superaron a selectividade.



Grupo Parlamentario

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por último, considera o Valedor do Pobo que a situación que se está a dar ao modificar os parámetros de ponderación das materias avaliábeis ás que se pode presentar o alumnado con carácter voluntario é contraria a principios básicos do ordenamento posto que cunha escasa marxe de dous meses estas ponderacións están aínda pendentes de aprobación polos respectivos consellos de goberno do Sistema Universitario de Galicia.

A Orde do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte ECD/1941/2016, do 22 de decembro, ditada en desenvolvemento do Real decreto 310/2016, do 29 de xullo, que regula as avaliacións finais de secundaria, determínanse as características, o deseño e o contido da avaliación de bacharelato para o acceso á universidade, as datas máximas de realización e de resolución dos procedementos de revisión das cualificacións obtidas, para o curso 2016/17 publicouse no BOE do 23 de decembro de 2016. É dicir, tratándose dun asunto da máxima prioridade para o alumnado de 2º curso de bacharelato, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria tardou tres meses en ser quen de publicar a normativa necesaria e, polo que se deduce, con novidades e incertezas como se ten exposto por quen é o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa dos dereitos e liberdades comprendidos no Título I da Constitución e no Estatuto de autonomía de Galicia.

Polo exposto, o deputado e a deputada que asinan interpelan o Goberno galego nos seguintes termos:

1ª) Que valoración fai o Goberno galego da situación descrita?

2ª) Ten previsto adoptar algunha medida urxente que resolva as incertezas postas de manifesto pola valedora do pobo?

3ª) Como xustifica que se tardasen tres meses en publicar a normativa autonómica necesaria desde a publicación da normativa estatal?

Pazo do Parlamento, 17 de abril de 2017



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 18/04/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 8005**  
Data envío: 17/04/2017 20:28:33.598



---

 **Grupo Parlamentario**

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Manuel Álvarez Matínez na data 17/04/2017 13:54:43**

---

**Maria de la Concepción Burgo López na data 17/04/2017 13:54:55**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

---

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

5.3      8666(10/INT-000369)

Grupo Parlamentario de En Marea

Sánchez García, Antón e 13 máis

Sobre a elaboración do novo Mapa de transportes de Galicia

*Publicación da iniciativa, 112, 10.05.2017*



## Á MESA DO PARLAMENTO

Antón Sánchez García, Luís Villares Naveira, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Ánxeles Cuña Bóveda, Manuel Lago Peñas, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Paula Vázquez Verao, deputadas e deputados do G.P. de **En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 147 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **INTERPELACIÓN**.

A sentenza de marzo de 2016 do Tribunal Supremo que anulaba 129 concesións de transporte público por estrada, provocou a necesidade da elaboración urxente dunha Lei de Medidas Urxentes para a Actualización do Transporte de Galiza.

A Sentenza considerou que a Resolución do 26 de febreiro de 2010, da Dirección Xeral de Mobilidade, pola que se aproba o Plan de modernización das concesións de transporte público regular permanente de persoas de uso xeral por estrada de Galicia, incumpría o Regulamento 13/2007 que entrara en vigor anteriormente a dita resolución.

Nesta lei incluíase a elaboración dun novo Plan de Transporte de Galiza, instrumento mediante o cal se debería establecer a ordenación dos servizos de transporte público regular de competencia da Administración xeral da Comunidade Autónoma, así como a coordinación do conxunto de servizos de transporte público que se desenvolvan na Comunidade Autónoma.

A Lei incluía obrigatoriedade da prestación de servizo transitoriamente, e de feito o obxectivo da Lei xa se precisaba na súa exposición de motivos :



“Non obstante, logo de que o Tribunal Supremo anulase a ampliación dos prazos de vixencia daquelas concesións previsto naquela lei, deberanse programar os traballos de planificación do novo sistema de transporte público para a súa licitación consonte ao previsto na normativa comunitaria, sen prexuízo de apostar polo mantemento das actuacións de modernización que faciliten ao sector de transporte público responder axeitadamente ás demandas do novo mapa de servizos.....Por outra parte, logo do pronunciamento do Tribunal Supremo en relación coa ampliación de prazos das concesións que establecera a Lei 5/2009, no terceiro artigo do texto articulado fíxanse as regras para garantir a continuidade da prestación dos servizos de transporte público durante o tempo preciso para o desenvolvemento dos traballos de planificación e o novo deseño de servizos, facilitando o mantemento de actuacións relevantes de modernización do sector previstas naquela lei”.

O dito Plan de Transporte debe estar aprobado no prazo de 21 meses desde a entrada en vigor de dita Lei 10/2016 (entrou en vigor o 23/07/2016), garantíndose que os novos contratos de transporte se produzan dentro do período transitorio que establece o Regulamento 1370/2007.

Si non era suficiente coa Lei 10/2016, só cinco meses despois, o goberno presenta na Lei de acompañamento un conxunto de medidas que non só van directamente contra os fundamentos e efectos xurídicos do fallo do TS senón contra do Regulamento 1370/2007 e as súas directrices de interpretación do 2014.

1.- Art. 72.2. Previsión de novos servizos de transporte incluso antes da aprobación do Plan de Transporte Público de Galicia, pero , ollo, que “se planifiquen co obxectivo de garantir a continuidade na explotación de tráfico nos que concorran as circunstancias que prevé o artigo 5.5 do Regulamento (CE) 1370/2007, e cuxa explotación se prevea coas limitacións temporais que



*establece o dito precepto. Esta norma resultará de aplicación aínda cando o novo servizo supoña unha reordenación en profundidade dos servizos abandonados ou en risco de abandono, incluso coa introdución, supresión ou modificación substancial dos tráficos que neles se prevían, ou coa inclusión de novas modalidades de prestación dos servizos, como servizos baixo demanda ou servizos integrados.*

*Igualmente, a Administración poderá acordar o establecemento doutros servizos, non previstos expresamente no Plan de Transporte Público de Galicia, que resulten coherentes coa súa planificación xeral e que se propoña implantar cunha duración temporalmente limitada, ben para a satisfacción de demandas puntuais de transporte, ben para a validación de solucións de mobilidade innovadoras, ou para a experimentación, limitada no tempo ou no territorio, de alternativas non previstas inicialmente na planificación de transporte”.*

É notoria a actuación incumpridora do Goberno galego nesta cuestión confirmada por sentenza, pero tamén o é que se está a facer atropelada e precipitadamente o que debeu ser un traballo de planificación de anos co fin de dotar a Galiza dun servizo de transporte público integral e adaptado a un proxecto de país establecido.

A elaboración do novo Mapa de Transporte está a pecar nunha dupla vertente:

- Non está a ser o suficientemente participada pola sociedade.
- Non se está a facer un Plan de Transporte incardinado nun proxecto de país.

Isto provoca basicamente que o criterio das empresas de rendibilidade das liñas pese moito, e que o criterio social pese moito menos, e provoca que vaiamos a un Plan de Transporte sen ter definidos os obxectivos a medio e longo prazo de desenvolvemento do noso rural.



Temémonos que primen sobre todo os criterios economicistas a curto prazo que agraven, pola merma de servizos, o círculo vicioso de abandono e envellecemento do rural.

Dende o noso punto de vista o deseño e promoción do transporte público debe de ser tamén un elemento que axude a mudar esa dinámica aínda que a curto prazo poida parecer non rendible.

O interior do país, e nomeadamente as provincias de Lugo e Ourense, poden ser prexudicadas por unha rebaixa máis nos servizos públicos.

Por todo elo, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Interpelación:

- 1) Cal é a valoración do proceso de participación social supostamente realizado para a elaboración do novo Mapa de Transportes?
- 2) Que criterios primarán na aprobación do Plan de Transporte Público de Galiza?
- 3) Está dito Plan incardinado nun proxecto para o rural galego cuns obxectivos concretos e claros?
- 4) Cantas liñas poden ser suprimidas?
- 5) Tomouse o de Castela e León como modelo?
- 6) Cal foi a metodoloxía de elaboración e implementación da enquisa efectuada?

Santiago de Compostela, 4 de maio de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Antón Sánchez García na data 04/05/2017 17:47:22**

**Luis Villares Naveira na data 04/05/2017 17:49:11**

**Carmen Santos Queiruga na data 04/05/2017 17:49:25**

**Marcos Cal Ogando na data 04/05/2017 17:49:33**

**Paula Vázquez Verao na data 04/05/2017 17:49:40**

**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 04/05/2017 17:49:44**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 04/05/2017 17:49:48**

**Eva Solla Fernández na data 04/05/2017 17:49:51**

**Luca Chao Pérez na data 04/05/2017 17:49:54**

**Paula Quinteiro Araújo na data 04/05/2017 17:49:57**



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 04/05/2017 17:51**  
**Nº Rexistro: 8666**  
Data envío: 04/05/2017 17:51:41.079



**Magdalena Barahona Martín na data 04/05/2017 17:50:01**

**José Manuel Lago Peñas na data 04/05/2017 17:50:04**

**Francisco Casal Vidal na data 04/05/2017 17:50:09**

**David Rodríguez Estévez na data 04/05/2017 17:50:14**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.       Preguntas para resposta oral do Presidente da Xunta

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.1      9120 (10/POPX-000034)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pontón Mondelo, Ana Belén

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para evitar a venda por Ferroatlántica das centrais hidroeléctricas do río Xallas





**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/05/2017 12:36**  
**Nº Rexistro: 9120**  
Data envío: 15/05/2017 12:36:19.197

### Á Mesa do Parlamento

**Ana Belén Pontón Mondelo**, Portavoz do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara e das normas supletorias do 17 de marzo de 2015, formula a seguinte **PREGUNTA** dirixida ao **Presidente do Goberno**, para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

#### **PREGUNTA AO PRESIDENTE:**

*Que ten previsto facer o Presidente da Xunta para evitar o “pelotazo” que pretende Ferroatlántica coa venta das centrais do Xallas?*

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

Asdo.: **Ana Belén Pontón Mondelo**  
Portavoz do Grupo Parlamentar do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Ana Pontón Mondelo na data 15/05/2017 12:36:00**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.2      9167(10/POPX-000035)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Fernández Leiceaga, Xoaquín María

Sobre as consecuencias para Galicia das decisións do Goberno central en materia de infraestruturas



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2017 18:23  
Nº Rexistro: 9167  
Data envío: 15/05/2017 18:23:50.804



Grupo Parlamentario

### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**Xoaquín Fernández Leiceaga, portavoz do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Sr. presidente da Xunta de Galicia**.

Sr. presidente, cales son as consecuencias para Galicia das decisións do Goberno central en materia de infraestruturas?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2017

Asdo.: **Xoaquín Fernández Leiceaga**  
Portavoz G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

**Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 15/05/2017 18:18:13**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

6.3      9168(10/POPX-000036)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis

Sobre os intereses defendidos polo Goberno galego nas  
decisións referidas aos temas transcendentales para Galicia

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira**, Voceiro do **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 152.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **PREGUNTA**, para a súa resposta **oral en Pleno**, dirixida ao **Presidente da Xunta de Galicia**.

A que intereses serven as decisións do Presidente da Xunta de Galicia nos temas transcendentales para o noso país?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Voceiro do G.P. de En Marea.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 15/05/2017 18:23:22**

Reunión do Pleno do Parlamento  
Día: 23.05.2017 Hora: 10:00  
Orde do día

7. Preguntas ao Goberno

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.1      6091(10/POP-000797)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre as actuacións concretas que está a levar a cabo a  
Unidade de Policía Adscrita no ámbito da protección ás  
mulleres vítimas de violencia de xénero

*Publicación da iniciativa, 84, 16.03.2017*

### Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Marian García Miguez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Aurelio Nuñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro, deputadas e deputados do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral en Pleno**.

A Unidade de Policía Adscrita (UPA) vén desenvolvendo unha importante actividade operativa en varios ámbitos competenciais, de acordo coa súa adscrición funcional á Xunta de Galicia, entre os que é preciso salientar, os seguintes:

1. o mantemento da seguridade nos edificios e institucións da Comunidade Autónoma,
2. a loita contra os incendios forestais e a investigación das persoas responsables dos mesmos;
3. a estreita colaboración que mantén cos efectivos da Subdirección xeral de Gardacostas, no que atinxe á loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal;
4. a labor de inspección, denuncia e control a prol da protección do medio natural;
5. a permanente colaboración institucional cos distintos departamentos da Xunta no que se refire á protección dos menores e a súa tutela.

Pero ademais, desde mediados do pasado ano, a UPA asume a protección das vítimas de violencia de xénero, en colaboración coa Policía Nacional, como resultado dun Protocolo de colaboración asinado entre a Vicepresidencia da Xunta e o Ministerio do Interior.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes **Pregunta Oral en Pleno**:

- En que actuacións se está a concretar a actividade operativa da Unidad de Policía Adscrita no ámbito da protección das mulleres vítimas de violencia de xénero?

Santiago de Compostela, 6 de Marzo de 2.017.

**Asinado dixitalmente por:**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 06/03/2017 13:19  
Nº Rexistro: 6091  
Data envío: 06/03/2017 13:19:07.658**

**Paula Prado Del Río na data 06/03/2017 13:14:32**

**María Ángeles García Míguez na data 06/03/2017 13:14:52**

**María Isabel Novo Fariña na data 06/03/2017 13:15:05**

**César Manuel Fernández Gil na data 06/03/2017 13:15:47**

**Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 06/03/2017 13:16:10**

**Alberto Pazos Couñago na data 06/03/2017 13:16:20**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 06/03/2017 13:16:35**

**Jacobo Moreira Ferro na data 06/03/2017 13:16:55**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.2      9131(10/PUP-000082)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Pérez Seco, José Manuel e 2 máis

Sobre a posición do Goberno galego respecto do requirimento da Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia en relación co Decreto 12/2017, polo que se establece a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

José Manuel Pérez Seco, Abel Losada Álvarez e Julio Torrado Quintela, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta urxente para a súa resposta oral en Pleno.

Xustificación da urxencia. A urxencia vén motivada pola inmovilidade do Goberno galego ante os requirimentos da CNMC e a entrada en vigor do Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, sen ningunha alteración das solicitadas nin pola Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia, nin polo sector.

O sector do turismo a día de hoxe podemos consideralo como unha das actividades económicas máis importante para Galicia, xa que contribúe a crear numerosos postos de traballo e favorecer o reequilibrio territorial.

A tendencia de alugar a vivenda habitual por días ou por semanas, tanto por parte dos particulares como por parte dos turistas, pode ser entendido nalgúns ocasións como competencia desleal, o que vai en contra da calidade dos destinos turísticos. Nada máis lonxe da realidade. Precisamente por iso é polo que existiu un gran consenso no sector da necesidade de regular esta nova tendencia.

O Decreto 12/2017, do 26 de xaneiro, debía nacer pois coa intención de establecer a ordenación de apartamentos turísticos, vivendas turísticas e vivendas de uso turístico na Comunidade Autónoma de Galicia e regular as vivendas de uso turístico sempre que cumpran os requisitos establecidos partindo dun consenso que, a todas luces, se ve que non existiu.

Hoxe en día, tanto a Asociación de Vivendas Turísticas de Galicia, como a *Comisión Nacional de los Mercados y la Competencia* (CNMC) solicitan que se eliminen ou corrixan algúns dos aspectos que recolle o decreto xa aprobado, e que está a piques de entrar en vigor.



**Grupo Parlamentario**

Incluso o requirimento feito pola CNMC significa un paso previo ao xa anunciado, de non terse en conta o dito requirimento, contencioso-administrativo ante o TSXG. Considerando os antecedentes doutros contenciosos similares en distintos Tribunais Superiores de Xustiza, doutras comunidades autónomas como Madrid ou Canarias, nós manifestamos a necesidade de abordar de novo o tema e de buscar as vías de solución de maneira consensuada e dialogada.

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

Por iso os deputados que asinan preguntan:

Cal é a postura do Goberno galego sobre o requirimento da CNMC (Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia), no relativo ao Decreto 12/2017?

Pazo do Parlamento, 15 de maio de 2017

**Asinado dixitalmente por:**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 15/05/2017 16:38:35**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 15/05/2017 16:38:45**

**Julio Torrado Quintela na data 15/05/2017 16:38:54**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.3      7087(10/POP-000917)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Castiñeira Broz, Jaime e 6 máis

Sobre os novos programas postos en marcha ou previstos polo  
Goberno galego en materia de vivenda

*Publicación da iniciativa, 97, 06.04.2017*

### Á Mesa do Parlamento

Jaime Castiñeira Broz, Martín Fernandez Prado, Antonio Mouriño Villar, Marta Novoa Iglesias, Julia Rodríguez Barreira, Gonzalo Trenor López e Daniel Varela Suanzes-Carpegna, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, a seguinte **Pregunta oral en Pleno**.

A Conselleira de Infraestruturas en vivenda na súa comparecencia no Pleno do día 7 de febreiro facía mención as distintas actuacións levadas a cabo pola Conselleira así como a novos programas que se ían poñer en marcha en materia de vivenda e rehabilitación.

Falaba a Conselleira de que as actuacións tiñan un dobre obxectivo no que viñan traballado dende facía anos:

- Incrementar a calidade de vida dos galegos e das galegas.
- Contribuír ao progreso económico.

Dous eixes que guiaron a política da Consellería en anos pasados é unha política para as persoas e para o impulso da competitividade económica, dous piares que tamén serán o traballo do futuro.

No eido da vivenda poñerían o foco, nos programas dirixidos a facilitar o acceso a unha vivenda as persoas e ás familias con máis dificultades. Cuns programas como o Bono Social, Programa Rehaluga, Rehabilitación parque de Vivendas Públicas. Etc.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte **Pregunta Oral en Pleno**:

Cales son os novos programas en materia de vivenda que están en marcha ou ten previsto no futuro?

Santiago de Compostela, 27 de marzo de 2017.



**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 27/03/2017 12:46  
Nº Rexistro: 7087  
Data envío: 27/03/2017 12:46:20.478**

**Asinado dixitalmente por:**

**Jaime Castiñeira Broz na data 27/03/2017 12:43:01**

**Martín Fernández Prado na data 27/03/2017 12:43:20**

**Antonio Mouriño Villar na data 27/03/2017 12:43:40**

**Marta Novoa Iglesias na data 27/03/2017 12:43:53**

**María Julia Rodríguez Barreira na data 27/03/2017 12:44:13**

**Gonzalo Trenor López na data 27/03/2017 12:44:27**

**Daniel Luis Varela Suanzes-Carpegna na data 27/03/2017 12:44:46**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.4        7931(10/POP-001027)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Toja Suárez, María Dolores e 2 máis

Sobre a estratexia da Xunta de Galicia en relación coas intencións da empresa Ferroatlántica de vender as súas centrais hidroeléctricas nos ríos Xallas e Grande

*Publicación da iniciativa, 106, 27.04.2017*



### Á Mesa do Parlamento

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Dolores Toja Suárez, Abel Losada Alvarez e José Manuel Pérez Seco**, deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

Ferroglobe acaba de dar a coñecer o acordo a que chegou cos sindicatos para desenvolver un plan para futuros investimentos e de emprego para as empresas do grupo en España que inclúe a venda de activos de enerxía da empresa. Indica na comunicación que o programa investidor esixe "*recursos extraordinarios que só pode vir da venda de activos hidroeléctricos actualmente detidas polo grupo*", e que "*xa non ten o seu significado orixinal e, polo tanto, a súa indispensabilidade*". Para este fin, as partes estiman "*axeitado para fomentar as autoridades públicas a adoptar, coa máxima dilixencia todos os permisos necesarios para realizar o plan de investimentos futuros e Emprego Ferroatlántica Grupo*".

Ante estes feitos, e tendo en consideración que a Xunta de Galicia, no seu momento, asegurou que non autorizaría a segregación das actividades de produción, das actividades de xeración eléctricas, así como a velar polo mantemento das condicións establecidas nos documentos concesionarios vixentes das centrais hidroeléctricas con aproveitamento nos ríos Xallas e Grande, a deputada e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cal é a estratexia da Xunta de Galicia fronte ás intencións, xa manifestadas, da empresa Ferroatlántica de vender as súas centrais hidroeléctricas?

Pazo do Parlamento, 12 de abril de 2017

Asdo.: María Dolores Toja Suárez  
Abel Losada Alvarez  
José Manuel Pérez Seco



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 12/04/2017 13:02  
Nº Rexistro: 7931  
Data envío: 12/04/2017 13:02:11.888



 Grupo Parlamentario

Deputada e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

**Asinado dixitalmente por:**

Partido dos  
Socialistas  
de Galicia

**María Dolores Toja Suárez na data 12/04/2017 12:56:46**

**Abel Fermín Losada Álvarez na data 12/04/2017 12:56:57**

**Jóse Manuel Pérez Seco na data 12/04/2017 12:57:03**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.5      3293 (10/POP-000391)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o asentamento de Ence en Lourizán, na ría de Pontevedra

*Publicación da iniciativa, 53, 26.01.2017*



OFICINA PARLAMENTAR  
Parlamento de Galicia  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA  
REGISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 13/01/2017 13:14  
Nº Rexistro: 3293  
Data envío: 13/01/2017 13:14:16.816

### Á Mesa do Parlamento

**Xosé Luis Bará Torres, Olalla Rodil Fernández, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores, Noa Presas Bergantiños e Ana Belén Pontón Mondelo,** deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, , ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Pleno.**

1. O Consello da Xunta de Galiza aprobou a través das Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e do Plan de Ordenación do Litoral (POL) as determinacións urbanísticas e de ordenación territorial para os terreos de dominio público marítimo terrestre ocupados polo complexo industrial contaminante de ENCE nas marismas de Lourizán.

Estas determinacións prevén expresamente o traslado do complexo fabril no horizonte temporal do 2018.

A Disposición Adicional 3ª.-Ence, do POL establece o seguinte:

*“En coordinación co establecido nas DOT, no espazo actualmente ocupado polas instalacións da empresa Ence situadas en Lourizán, na ría de Pontevedra, prevese un ámbito de recualificación sobre a Área de Mellora Ambiental e Paisaxística. O obxecto desta área é o da recuperación do espazo que quedará vacante coa materialización do traslado destas instalacións a outra localización dentro da propia bisbarra de Pontevedra no horizonte do ano 2018.*

*Dada a importancia que para este ámbito e o seu contorno suporá a citada transformación, considérase necesario regulala mediante esta disposición adicional. En concreto, deberase:*



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/01/2017 13:14**  
**Nº Rexistro: 3293**  
Data envío: 13/01/2017 13:14:16.816

*1. Favorecer a conectividade visual e funcional coa costa e os hábitats que nela e o seu contorno se vaían rexenerar e valorizar.*

*2. A devandita recuperación irá encamiñada á naturalización da área, de tal maneira que se mellore a súa calidade ambiental e escénica, que concluirá coa inclusión destas áreas recuperables desde o punto de vista ecolóxico na Área de Protección Costeira, de tal maneira que se favoreza a integración de parte do ámbito no seu contorno máis natural, procurando, así mesmo, dotalo de conectividade mediante os corredores xa identificados neste documento. En concreto, recuperarase a praia dos Praceres de forma acorde coas características orixinais da praia e as condicións actuais de hidrodinámica e planta do areal.*

*3. Así mesmo, na zona norte do ámbito poderanse rehabilitar e acondicionar as edificacións destinadas a aqueles usos e actividades necesarios para a xeración de espazos públicos de calidade e cohesión social, ao mesmo tempo que se procura a transición cos espazos principais destinados á rexeneración ambiental e recuperación natural do ámbito anteriormente mencionado.*

*4. Recuperarase a calidade ambiental e paisaxística, contribuírase a dotar de equipamentos e espazos libres de calidade o agregado urbano no que se insire, evitando parámetros de ocupación e intensidade incompatibles coa capacidade de carga do territorio e os valores ambientais, paisaxísticos e patrimoniais propios do litoral.*

*O desenvolvemento e consecución destes obxectivos concretaranse mediante a redacción do instrumento de ordenación territorial ou urbanístico máis adecuado, atendendo, en calquera caso, ao interese público e á utilidade social da actuación que deberá abordar conxuntamente as accións de rexeneración, restauración e reordenación do ámbito de recualificación previsto nos terreos actualmente ocupados”.*

2. Segundo se deriva das análises e informes realizados polo concello de Pontevedra, as verteduras de augas residuais de ENCE incumpren a Directiva europea



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/01/2017 13:14**  
**Nº Rexistro: 3293**  
Data envío: 13/01/2017 13:14:16.816

91/271/CE sobre tratamento de augas residuais e a Lei 9/2010 de augas de Galicia. Co agravante de que a autorización de verteduras faise conxuntamente para as augas residuais urbanas tratadas na EDAR dos Praceres e as de orixe industrial de ENCE.

A este respecto, o Comisario de Medio Ambiente, Asuntos Marítimos e Pesca da Unión Europea informou ao Parlamento Europeo que “Se as augas residuais da fábrica de pasta de papel se verten a través dunha instalación de tratamento de augas residuais urbanas, aplicaranse as disposicións da Directiva 91/271/CE, sobre tratamento de augas residuais urbanas”. Ademais, o citado comisario entende que “os órganos administrativos ou xudiciais nacionais encargados das Directivas mencionadas son os principais responsábeis de comprobar as situacións específicas de incumprimento”.

O complexo industrial de Lourizán tamén se ve obrigado ao cumprimento da Directiva 2010/75/UE sobre emisións industriais e da Decisión de execución da Comisión do 26 de setembro de 2014 pola que se establecen as conclusións sobre as melloras técnicas dispoñíbeis para a produción de pasta, papel e cartón. Esta Decisión establece que nun prazo de 4 anos deberán adaptarse todas as condicións de autorización das instalacións.

En consecuencia co anterior, presentamos a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cando e como prevé a Xunta de Galiza dar cumprimento ao establecido nas Directrices de Ordenación do Territorio (DOT) e no Plan de Ordenación do Litoral (POL) a respecto dos terreos de dominio público que ocupa a industria contaminante ENCE?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2017



OFICINA PARLAMENTAR  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.es  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REXISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 13/01/2017 13:14**  
**Nº Rexistro: 3293**  
Data envío: 13/01/2017 13:14:16.816

Asdo.: **Xosé Luis Bará Torres**

**Xosé Luis Rivas Cruz**

**Olalla Rodil Fernández**

**Montserrat Prado Cores**

**Noa Presas Bergantiños**

**Ana Belén Pontón Mondelo**

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2017 13:05:40**

**Olalla Rodil Fernández na data 13/01/2017 13:05:46**

**Xosé Luis Rivas Cruz na data 13/01/2017 13:05:59**

**María Montserrat Prado Cores na data 13/01/2017 13:06:03**

**Noa Presas Bergantiños na data 13/01/2017 13:06:05**

**Ana Pontón Mondelo na data 13/01/2017 13:06:09**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.6      9170(10/PUP-000084)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 13 máis

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da suficiencia do prazo e da información facilitada aos centros para a realización e preparación, no curso escolar 2016-2017, das probas das reválidas en educación primara previstas na LOMCE



## Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira, Antón Sánchez García, Carmen Santos Queiruga, Magdalena Barahona Martín, Marcos Cal Ogando, Francisco Casal Vidal, Luca Chao Pérez, Paula Vázquez Verao, Ánxeles Cuña Bóveda, Juan José Merlo Lorenzo, Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez, Eva Solla Fernández e Jose Manuel Lago Peñas**, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara presentan a seguinte **Pregunta urgente para a súa resposta oral en Pleno**, relativa ás probas de avaliación de bacharelato e aplicación das reválidas en educación primaria no presente curso.

### **Xustificación da urxencia.**

A implantación da LOMCE foi dende un primeiro momento obxecto de críticas e oposición da maioría da comunidade educativa do país, polos seus contidos homoxeneizadores e o seu afán privatizador.

Esta lei segregadora e elitista lonxe de traer certeza ao sistema educativo, sementou o caos, a inxuedanza e as incertezas en mestras, alumnas e familias.

Este caos e ausencia de información que sofren os centros dende o comezo da Lei, ten estes días unha nova evidencia da falta de planificación como son as resolucións polas que se ditan as instrucións para o desenvolvemento da avaliación final de educación secundaria ou a resolución polo que se ditan as instrucións para a realización da avaliación de bacharelato.



A piques de rematar o curso, apenas so un mes antes, a Consellería de Educación saca a resolución de 8 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso escolar 2016-2017 na que fan públicas as datas das probas, 23 e 24 de maio, con menos de dúas semanas de antelación. Non só iso, senón que é precisamente a data, a única información que teñen os centros seleccionados a día de hoxe. Nin no que atinxe ao formato nin aos contidos específicos.

Cuestión similar a que acontece coa información dispoñible sobre as probas de avaliación de bacharelato para o acceso a universidade para o curso 2017-2018.

Por todo o anteriormente sinalado, o Grupo Parlamentario de En Marea formula a seguinte **Pregunta para a súa resposta Oral no Pleno, con carácter Urxente:**

Considera suficiente a Consellería o prazo e a información da que dispoñen os centros para a realización e preparación das probas?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Luis Villares Naveira na data 15/05/2017 18:15:52**

**Antón Sánchez García na data 15/05/2017 18:15:57**

**Carmen Santos Queiruga na data 15/05/2017 18:16:06**

**Paula Vázquez Verao na data 15/05/2017 18:16:15**



PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2017 18:24  
Nº Rexistro: 9170  
Data envío: 15/05/2017 18:24:43.554



**María de los Ángeles Cuña Bóveda na data 15/05/2017 18:16:18**

**Juan José Merlo Lorenzo na data 15/05/2017 18:16:25**

**Eva Solla Fernández na data 15/05/2017 18:16:28**

**Luca Chao Pérez na data 15/05/2017 18:16:31**

**Paula Quinteiro Araújo na data 15/05/2017 18:16:34**

**Magdalena Barahona Martín na data 15/05/2017 18:16:38**

**José Manuel Lago Peñas na data 15/05/2017 18:16:41**

**Francisco Casal Vidal na data 15/05/2017 18:16:45**

**David Rodríguez Estévez na data 15/05/2017 18:16:49**

**Marcos Cal Ogando na data 15/05/2017 18:16:52**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.7      7591(10/POP-000982)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e Vázquez Verao, Paula

Sobre o prazo previsto polo Goberno galego para o  
desdoblamento e traslado da Atención Primaria do Centro de  
Saúde da Milagrosa ás instalacións do antigo Hospital Xeral,  
no barrio da Residencia de Lugo

*Publicación da iniciativa, 101, 20.04.2017*

### Á MESA DO PARLAMENTO

**Luís Villares Naveira e Paula Vázquez Verao**, deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea**, ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta**, para a súa resposta oral en **Pleno**, relacionada coa promesa de dar usos socio-sanitarios ás instalacións do antigo Hospital Xeral de Lugo.

En 2011 finalizou o traslado da actividade do Hospital Xeral de Lugo ao HULA. A Xunta prometeu, entón, para o barrio no que se sitúa o Xeral a instalación dun centro de saúde, desdobrar o Centro de Saúde da Milagrosa (que atende a unha poboación de 29.000 habitantes, e que se atopa saturado, cunhas instalacións obsoletas e inadecuadas e sen mantemento axeitado), un PAC e trasladar ao antigo Xeral o Laboratorio de Referencia da Sanidade Pública.

As promesas quedaron só en promesas, sen compromiso orzamentario algún para dar un uso socio-sanitario ás instalacións do antigo hospital que, cunha mínima inversión, poderían adaptarse, motivando, así, as protestas veciñais.

Co paso do tempo, as instalacións continuaron a deteriorarse e o barrio acusou unha caída de actividade comercial, e a Xunta mudou as promesas incumpridas por ocorrencias, como a instalación no antigo Xeral dun centro de investigación tecnolóxica ou como localización da comisaría, “brindes ao sol” sen respaldo técnico nin orzamentario.

Adicando o edificio do antigo Xeral a usos socio-sanitarios, dinamizaríase a economía do barrio da Residencia e configuraríase como un “barrio do



benestar”, dando servizo a toda a cidade e área de Lugo, contribuíndo a un modelo de cidade para as persoas.

O traslado ás instalacións do antigo Xeral do centro de saúde da Milagrosa evitaría os graves colapsos deste ambulatorio e a apertura dun PAC con boa dotación no antigo Xeral desconxestionaría o PAC de Fingoi e as Urgencias de Lugo, estando, ademais, nunha localización excelente para toda a cidade, con boa accesibilidade.

Ademais, a existencia de infraestrutura do antigo Xeral permitiría un importante aforro na creación de novos servizos sanitarios, ao aproveitárense as instalacións e dotacións que estean en boas condicións.

A recuperación do complexo do antigo Xeral para usos socio-sanitarios contribuiría a tecer comunidade, creando un barrio vivo, con recursos para a conciliación, a saúde e o ensino, e fomentando a convivencia das persoas de todas as xeracións e a permanencia da xente no seu barrio de orixe.

Polo exposto, o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Pleno:

Cando vai a Xunta cumprir as promesas de desdobrar a Atención Primaria do Centro de Saúde da Milagrosa ás instalacións do antigo Hospital Xeral, para atender as necesidades sanitarias da veciñanza e revitalizar o barrio da Residencia en Lugo?

Santiago de Compostela, 4 de abril de 2017.



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 05/04/2017 09:30**  
**Nº Rexistro: 7591**  
Data envío: 04/04/2017 18:31:59.612



Asdo.: Paula Vázquez Veroa

Luis Villares Naveira

Deputada e deputado do G.P. de En Marea

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Vázquez Veroa na data 04/04/2017 18:31:12**

**Luis Villares Naveira na data 04/04/2017 18:31:20**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.8      9130(10/PUP-000081)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Prado Cores, María Montserrat

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego para darlles resposta ás demandas dos doentes que padecen Atrofia Muscular Espiñal, en especial, no referido á administración do novo fármaco denominado Nusinersen/Spinraza





### Á Mesa do Parlamento

**Montserrat Prado Cores**, deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, polo trámite **de urxencia**.

#### **Xustificación da urxencia**

Axencia Europea do Medicamento vén de aprobar o pasado 21 de abril, o primeiro fármaco denominado Nusinersen/Spinraza, para tratar @s persoas que padecen Atrofia Muscular Espiñal (AME). Así pois a urxencia desta pregunta vén motivada pola necesidade de axilizar todas as actuacións precisas para que o tratamento poida ser administrado canto antes.

#### **Exposición de motivos**

A Atrofia Muscular Espiñal (AME) é unha enfermidade neuromuscular de carácter xenético que se manifesta por unha perda progresiva da forza muscular. Isto ocorre debido á afectación das neuronas motoras da médula espiñal, que fai que o impulso nervioso non se transmita correctamente aos músculos e ocasiona a atrofia dos mesmos.

Existen catro tipos de AME, sendo o tipo 1 o máis grave, inclusive mortal,



e o tipo 4 o máis leve. Os síntomas que padecen as persoas que a padecen varían segundo o tipo, mais van desde a debilidade muscular, cansazo crónico, falta de reflexos, perda de masa muscular, tremores, infeccións respiratorias, escoliose, problemas de alimentación, imposibilidade de sentarse e desprazarse.

Segundo a información que nos trasladou GaliciaAME no noso país están diagnosticados 11 casos, dos cales 11 son de tipo 2, 5 de tipo 3 e 1 de tipo 4, con idades entre os 18 meses e os 60 anos

Ata o de agora a Ame non ten tratamento nin cura, centrándose os tratamentos en tentar manter a mellor calidade de vida d@s doentes, con terapias rehabilitadoras e ocupacionais. máis a investigación está avanzando moi rapidamente, ata o punto que a Axencia Europea do Medicamento acaba de aprobar o pasado 21 de abril, o primeiro fármaco denominado Nusinersen/Spinraza, para tratar esta doenza.

Esta aprobación trae esperanza @s enferm@s de AME, polo que é preciso axilizar todas as actuacións precisas para que o tratamento poida ser administrado canto antes, xa que para estas persoas o factor tempo é fundamental.

O Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego, a través da deputada asinante, formula a seguinte pregunta para a súa resposta oral ente o Pleno, polo trámite de urxencia:

Que actuacións vai realizar o Goberno galego para dar resposta as demandas das persoas enfermas de AME, especialmente no referido á



**PARLAMENTO DE GALICIA**  
**REGISTRO XERAL ENTRADA**  
**Data asento: 15/05/2017 16:30**  
**Nº Rexistro: 9130**  
Data envío: 15/05/2017 16:13:11.609



**BLOQUE NACIONALISTA GALEGO**  
**OFICINA PARLAMENTAR**  
**Parlamento de Galiza**  
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545  
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421  
gp-bng@parlamentodegalicia.gal  
15702 Santiago de Compostela  
Galiza

administración canto antes do novo fármaco Nusinersen/Spinraza?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

Asdo.: **Montserrat Prado Cores**

Deputada do G.P. do BNG

**Asinado dixitalmente por:**

**María Montserrat Prado Cores na data 15/05/2017 16:12:50**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                      Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.9      4677(10/POP-000583)

Grupo Parlamentario de En Marea

Quinteiro Araújo, Paula e 2 máis

Sobre as razóns da demora do pagamento dos seus servizos ao persoal que desenvolveu o labor docente establecido no Plan de formación continuada no agro galego 2016

*Publicación da iniciativa, 67, 16.02.2017*

## Á MESA DO PARLAMENTO

**Paula Quinteiro Araujo, Davide Rodríguez Estévez e Antón Sánchez García,** deputada e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentar de En Marea,** ao abeiro do disposto no artigo 155 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para o seu debate en **Pleno.**

O Plan de formación continuada no agro galego 2016 é unha actividade dirixida a mellorar a formación técnica das persoas que se dedican a Agricultura no noso País.

Entre as accións formativas que se levan a cabo neste Plan atópanse, cursos de diferente tipoloxía: aptitude empresarial agraria, de usuario profesional de produtos fitosanitarios (nível básico e cursos ponte), benestar animal e calquera outro curso de formación agroforestal e carácter esixíbel.

Indicar que o Plan de formación 2016, fixo especial fincapé na realización de cursos de aplicador manipulador de produtos fitosanitarios, incrementando o número de accións formativas respecto a anos anteriores, por exemplo no 1º semestre do 2016 existía unha previsión de realizar 260 cursos en toda Galiza. A estes cursos habería que engadir as accións formativas encamiñadas á renovación do carné de aplicador, básico ou cualificado, que se desenvolveron durante o 1º trimestre do ano, quedando suspendidos a partir do 2º trimestre, procedendo a administración a renovar automaticamente a autorización, previo pago de taxas e solicitude de renovación da persoa interesada.

Este Plan de formación continuada levouse a cabo a través de diferentes unidades administrativas da Consellería de Medio Rural. Para desenvolver a labor docente do Plan de formación continua, a Consellería de Medio Rural



recorre a persoal propio da administración e persoal docente alleo a ela. Estes colaboradores propios e/ou alleos levan sen cobrar seus servizos dende o inicio do Programa. A circular que regula este Programa ten data de 19 de xaneiro de 2016, a data límite de presentación de propostas para o 1º semestre do 2016 remataba o 31 de xaneiro, ampliándose posteriormente o prazo ata o 29 de febreiro e comezando a realización dos cursos no mes seguinte. Polo tanto, hai persoal docente que leva aproximadamente 10 meses sen cobrar.

Esta problemática nos pagos non é algo novo, vense repetindo ano tras ano, pero nunca cun atraso tan acumulado. Ás faltas de pagamentos ao persoal docente, habería que sumarles os atrasos a provedores, o cal tamén é a tónica xeral deste Plan.

Por todo o exposto formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta en Pleno:

A que se debe o atraso no pagamento ao persoal docente?

Santiago de Compostela, 7 de febreiro de 2017.

**Asinado dixitalmente por:**

**Paula Quinteiro Araújo na data 07/02/2017 16:21:59**

**David Rodríguez Estévez na data 07/02/2017 16:22:04**

**Antón Sánchez García na data 07/02/2017 16:22:22**

**Reunión do Pleno do Parlamento**  
**Día: 23.05.2017                    Hora: 10:00**  
**Orde do día**

7.10    9140(10/PUP-000083)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

González Vázquez, José e 6 máis

Sobre a avaliación da Consellería do Medio Rural respecto dos efectos das xeadas da última semana de abril de 2017 no sector vitivinícola galego, así como as medidas que se están a adoptar para paliar os danos causados aos viticultores

#### **A Mesa do Parlamento**

**José González Vázquez, Encarna Amigo Díaz, Raquel Arias Rodríguez, Silvestre Balseiros Guinarte, Moisés Blanco Paradelo, Carlos Gómez Salgado e Daniel Vega Pérez**, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 155.5 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Pleno**, polo trámite de **urxencia**.

#### **Xustificación da urxencia**

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Na última semana do mes de abril de 2017 as xeadas causaron danos considerables nas denominacións de orixe vitivinícolas galegas. A avaliación de danos levada a cabo pola Consellería do Medio Rural determina unha afectación do 90% dos viñedos da denominación de orixe Monterrei, entre o 60% e o 70% en Valdeorras, un 30% na DO Ribeiro e, en torno a un 20% na DO Ribeiro Sacra. Trátase de datos globais, aínda que hai zonas en cada unha das comarcas nas que a afectación foi total.

Nestes días que transcorreron dende as xeadas a prioridade da Xunta foi a avaliación dos danos producidos así como o traslado aos viticultores de toda a información necesaria sobre os traballos de recuperación do viñedo. Por outra banda mantivéronse reunións cos viticultores afectados e traballouse en diferentes liñas de medidas destinadas a paliar os danos provocados polas xeadas.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno urxente:

Cal é a avaliación que fai a Consellería de Medio Rural dos efectos das xeadas no sector vitivinícola galego así como das medidas que se están a adoptar para paliar os danos causados aos viticultores?

Santiago de Compostela, 15 de maio de 2017

#### **Asinado dixitalmente por:**

**José González Vázquez na data 15/05/2017 17:48:59**





**GRUPO PARLAMENTARIO  
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA  
REXISTRO XERAL ENTRADA  
Data asento: 15/05/2017 17:52  
Nº Rexistro: 9140  
Data envío: 15/05/2017 17:52:36.936**

**María Encarnación Amigo Díaz na data 15/05/2017 17:49:09**

**Raquel Arias Rodríguez na data 15/05/2017 17:49:15**

**Silvestre Balseiros Guinarte na data 15/05/2017 17:49:23**

**Moisés Blanco Paradelo na data 15/05/2017 17:49:31**

**Carlos Gómez Salgado na data 15/05/2017 17:49:38**

**Daniel Vega Pérez na data 15/05/2017 17:49:46**

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63  
15701 Santiago de Compostela  
T. 981 551 510 F. 981 551 422  
gp-pp@parlamentodegalicia.es  
www.ppdegalicia.com